

RECOLLIDA DE RESIDUOS URBANOS E LIMPEZA VIARIA DO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

ÍNDICE

- 1. OBXECTO DO CONTRATO.**
- 2. ÁMBITO TERRITORIAL**
- 3. XESTIÓN DO SERVIZO**
 - 3.1 LOTE 1**
 - 3.2 LOTE 2**
- 4. EXECUCIÓN DOS SERVIZOS**

1. OBXECTO DO CONTRATO.

O obxecto do presente prego é definir as condicións técnicas que rexerán nos procesos de execución dos servizos ligados a cada un dos dous lotes que conforman o presente contrato os cales se identifican de acordo coa seguinte estrutura:

LOTE 1

- Recollida de residuos municipais (fraccións resto, orgánica, envases lixeiros e pilas).
- Transporte dos produtos procedentes da recollida de residuos domésticos, de residuos voluminosos, da limpeza viaria, e en xeral, todos os residuos contemplados no presente prego.
- Implantación da compostaxe comunitaria e doméstica.
- Xestión dos Puntos limpos municipais.
- Mantemento das illas soterradas.
- Limpeza viaria e mantemento de papeleiras
- Contenerización de todas as fraccións e mantemento dos colectores.

LOTE 2

- Recollida selectiva da fracción papel-cartón en todo o municipio, tanto en colectores de vía pública de depósito domiciliario como en porta a porta comercial, así como o transporte dos residuos, con reserva para centros especiais de emprego e empresas de inserción laboral.

As empresas licitadoras desenvolverán as súas ofertas conforme ás especificacións comprendidas no presente prego de prescricións técnicas particulares (PPTP) cós seus anexos, e de acordo ao contido do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).

Os servizos esixidos deberán ser acordos ao descrito no presente PPTP sen que estes podan ser modificados ou alterados, excepción feita mediante autorización expresa do Concello de Santiago, ben a proposta do mesmo ou da empresa adxudicataria.

2. ÁMBITO TERRITORIAL

O ámbito territorial de actuación comprende a totalidade do termo municipal de Santiago de Compostela.

Quedan, polo tanto, comprendidas o conxunto das vías públicas e as beirarrúas que delimitan as ditas vías, estradas e camiños públicos, rúas e prazas peonís e, en xeral, todas as zonas urbanizadas e pavimentadas de natureza pública.

Así mesmo, quedan expresamente excluídas do presente contrato as zonas verdes e os camiños, sendas, áreas peonís e espazos públicos incluídos nas mesmas, exceptuando as actividades de limpeza que, pola súa natureza especial, sexa necesario realizar naquelas zonas verdes que o precisen.

Tamén quedan excluídas as zonas privadas de uso público que en virtude de convenio ou calquera outra figura xurídica, deban de ser mantidas polos seus propietarios mediante entidades de conservación así como calquera recinto de titularidade pública que se atope en réxime de concesión administrativa.

3. XESTIÓN DO SERVIZO

O servizo de recollida de residuos municipais incluídos no lote 1 procederá á recollida, carga e transporte ao centro de tratamento ou planta de transferencia que, no seu caso, designe o Concello, de todos os residuos de carácter domiciliario, procedente de vivendas, edificios, oficinas, centros públicos e servizos profesionais, así como doutros residuos que non tendo a cualificación de perigosos nin estando expresamente exceptuados pola súa natureza ou composición asimílanse aos anteriores. Esta recollida practicarase nas mesmas zonas descritas para a limpeza da vía pública, tendo carácter preferentemente nocturno.

No casco histórico farase a recollida porta a porta comercial de todas as fraccións: orgánica, envases lixeiros e resto (no lote 1), papel-cartón (no lote 2), e vidro (fóra do ámbito deste prego).

Ademais da recollida porta a porta comercial para a fracción orgánica no casco histórico, haberá recollida porta a porta comercial da fracción orgánica para os grandes produtores e contedores comerciais tamén no resto do municipio.

Implantarase e será operativa a compostaxe comunitaria e domiciliaria en toda a extensión do municipio.

Farase a recollida da fracción orgánica con colector na vía pública so naquelas zonas onde non sexa posible a compostaxe.

O calendario de recollida de residuos domiciliarios proposta pola empresa adxudicataria e aprobado polos servizos técnicos municipais deberá respectarse e cumprirse

escrupulosamente, sendo obriga do mesmo efectuar o servizo de recollida diario, incluso domingos e festivos, nos termos establecidos no presente prego, excepto noite do 24 e do 31 de decembro. Nestes casos, a empresa adxudicataria restablecerá a normalidade do servizo ao día seguinte das datas sinaladas.

O eventual incremento das cantidades de residuos domiciliarios a recoller, derivado dun incremento na xeración dos residuos ou un cambio cualitativo dos mesmos, deberá ser previsto polos licitadores xa que, unha vez realizada a adxudicación, o concesionario non terá dereito a indemnización por razón do mesmo.

A contenerización comprende a implantación dos colectores necesarios para a recollida de todas as fraccións pola empresa adxudicataria do lote 1, así como o lavado periódico destese das súas localizacións e o correcto mantemento do devandito material. Inclúese especificamente neste apartado os traballos a realizar en mantemento, limpeza e conservación das instalacións da contenerización soterrada do Concello.

O servizo de limpeza viaria terá por obxecto a realización de todas as operacións precisas para a consecución do mellor grao de limpeza en todo o termo municipal.

As empresas licitadoras deberán explicar co maior detalle posible e concretar no seu estudio, cada servizo de limpeza que oferte, indicando a composición individualizada dos equipos (persoal e maquinaria). Teranse en conta expresamente os tipos de xabóns e presión dos equipos de tal forma que se evite en todo caso o desgaste dos pavimentos e paramentos verticais, en especial no casco histórico.

Tamén deberán indicar os rendementos individualizados de cada equipo, xa sexa manual, mecánico ou mixto; carga de traballo, área de actuación (superficie e/ou lonxitude), etc.

As empresas licitadoras proporán un plan de xestión dos puntos limpos existentes que aseguren unha xestión transparente e coherente que garanta unha saída e recuperación ambientalmente correcta dos diferentes materiais recollidos, os cales a empresa adxudicataria estará obrigado a xestionar á súa costa.

En canto ao lote 2, este comprende a recollida e transporte da fracción de papel-cartón. A recollida farase desde os colectores dispostos especificamente para este fin, ben nas áreas de achega, ben individualizados cando así se dispoña. Inclúe a recollida específica porta a porta considerando as limitacións e características requiridas no presente PPTP.

As empresas licitadoras definirán nas súas respectivas ofertas o persoal por categorías que disporán para a realización das diferentes tarefas encomendadas, especificando

claramente os postos de traballo de prestación directa, así como o cadro de persoal para cubrir, en todo momento, os mencionados postos de traballo.

A título informativo, indicar que de forma paralela ou posterior á presente licitación, o Concello contratará o subministro e servizo de mantemento da aplicación informática e equipamento hardware (GPS, sistemas embarcados de pexase, tags en contedores, etc.) que será de aplicación á maquinaria e persoal das empresas adxudicatarias dos lotes 1 e 2, para realizar o seguimento aberto, automático e en tempo real da flota e maquinaria ligada ao contrato, dos medio persoais adscritos ao servizo e o cumprimento do resto das obrigas do contrato.

3.1 LOTE 1

3.1.1 SERVIZO DE RECOLLIDA

- Implantación de compostaxe comunitaria e domiciliaria en todo o ámbito municipal como fórmula preferente para tratar a fracción orgánica, cun mínimo do 33% da poboación de dereito cuberta por estes modelos de xestión.
- Preparación do terreo, subministro, instalación e operación de novas illas de compostaxe comunitaria. Inclúe a operación das illas xa existentes no inicio do presente contrato. O compost obtido nas mesmas porase a disposición da cidadanía para a súa recollida nas condicións establecidas polos técnicos municipais ou enviado a un lugar de almacenaxe establecido.
- Subministro, distribución e asesoramento nas vivendas usuarias de composteiros domiciliarios.
- Recollida da fracción orgánica domiciliaria en contedores de superficie e soterrados, naquelas zonas da cidade onde non sexa posible a compostaxe.
- Recollida da fracción orgánica comercial a través dun servizo porta a porta prestado a grandes produtores e contedores comerciais. .
- Recollida porta a porta comercial de todas as fraccións incluídas neste lote (orgánica, envases lixeiros, resto/rexeitamento) no casco monumental.
- Transporte da fracción orgánica tanto domiciliaria (5º contedor) como comercial (porta a porta) ata a planta de transferencia de SOGAMA en Formarís. No caso de que SOGAMA non habilite a planta para recibir materia orgánica, debería ser transportada á planta de compostaxe de Sogama en Areosa, ou outra que se indique sempre que estea situada a distancia similar.

- Recollida e transporte ata o centro de transferencia da fracción resto e envases lixeiros depositados nos contedores en superficie ou soterrados.
- Recollida e transporte dos residuos procedentes dos servizos de limpeza viaria.
- Recollida, transporte e xestión de residuos voluminosos.

- Recollida, transporte e xestión de residuos de aparatos eléctricos e electrónicos (RAEEs).
- Recollida transporte e xestión de pilas.
- Recollidas especiais:
 - o Festas feiras e actos públicos en xeral.
 - o Mercados ao aire libre.
 - o Animais mortos.
 - o Residuos e escombros procedentes de obras de reparación domiciliaria.
 - o Vertedoiros incontrolados.
 - o Recollida mediante punto limpo móbil e xestión dos residuos.
 - o Recollida específica da folla das árbores. Disporase unha brigada especial a maiores do resto dos servizos para a súa recollida operativa na época de caída.

3.1.2 EXCLUSIÓNS

Considéranse residuos domésticos os definidos no artigo 3 da lei 22/2011 de residuos e solos contaminados especificándose como tales os xerados en fogares como consecuencia das actividades domésticas así como os similares aos anteriores xerados en servizos e industrias. De acordo có devandito artigo, os residuos comerciais son xerados pola actividade propia do comercio, do servizo de restauración e bares das oficinas e mercados así como o resto do sector servizos. O contratista estará obrigado nos traballos que realice a cumprir toda a lexislación que afecta aos condicionantes técnicos dos procesos e materiais empregados na xestión dos residuos, lexislación sobre a protección do medio ambiente, impacto ambiental, enerxía, residuos, saúde pública, seguridade e saúde laboral, accesibilidade, protección de solos, e cantas prescricións figuren nas ordenanzas municipais, normas, instrucións, e regulamentos oficiais que afecten a este servizo.

Quedarían por tanto excluídos do ámbito de xestión deste PPTP os seguintes residuos:

- Residuos radioactivos, explosivos, subprodutos animais.
- Vehículos abandonados.
- Residuos industriais que polas súas características cualitativas ou cuantitativas non podan ser asimilables a os domésticos.
- Residuos perigosos non procedentes de fogares ou comercios.
- Residuos cuxa xestión segundo da normativa vixente en cada momento deixen de ser competencia municipal.
- Animais mortos procedentes de explotación gandeiras.
- Residuos sanitarios sobre os que o Concello de Santiago non teña competencia en base á normativa.
- Calquera outro que a lexislación vixente non contemple como competencia municipal.

3.1.3 SERVIZO DE CONTENERIZACIÓN

- Preparación do terreo, subministro e instalación de composteiros comunitarios.
- Subministro e distribución de composteiros individuais, co seguimento e asesoramento para a práctica de compostaxe domiciliaria.
- Subministro e instalación de contenerización para a recollida da fracción resto/rexeitamento, envases lixeiros, papel-cartón e vidro.
- Dotación de contedores para a recollida comercial porta a porta, tanto das fraccións que requiran contedor na recollida do casco histórico como da fracción orgánica dos grandes produtores e contedores comerciais.
- Instalación da nova contenerización (5º contedor marrón) para a recollida da fracción orgánica naqueles lugares do municipio onde non sexa posible a compostaxe.
- Actualización dos paneis e sinalización dos contedores soterrados asignados á recollida selectiva.
- Servizo de mantemento e reposición de todo tipo de contedores.
- Lavado e desinfección de todo tipo de contedores, incluíndo os das fraccións de papel-cartón e vidro cuxa recollida non está incluída neste lote, e excluindo os contedores de recollida comercial porta a porta, que deberían ser mantidos e limpados polos establecementos comerciais.
- Mantemento e limpeza das instalacións de contenerización soterrada.

3.1.4 LIMPEZA VIARIA

- Limpeza viaria mediante tratamento de varrido, baldeo e ou fregado tanto manual como mecánico ou mixto.
- Limpeza de residuos e vertidos indiscriminados.
- Limpezas especiais con motivo de festas feiras e actos públicos en xeral.
- Limpezas de mercados ao aire libre.
- Limpeza de acción inmediata en casos de emerxencia.
- Retirada de carteis e pancartas.
- Limpeza de pintadas, manchas de graxa, aceites, gasóleo, pintura, etc.
- Limpeza especial en época de caída da folla.
- Limpeza de zonas de ocio nocturno.
- Limpeza intensiva de pavimentos (gomas, incrustacións nas baldosas etc.).
- Limpeza de alcorques.
- Implantación, baleirado, lavado, mantemento e reposición de papeleiras.

3.1.5 CAMPAÑAS DE CONCIENCIACIÓN

A empresa elaborará un plan coas campañas de concienciación que levará a cabo có fin de mellorar a participación da cidadanía no sistema de recollida de residuos, sobre todo

tendo en conta a incorporación de sistemas novos, en particular a recollida separada da materia orgánica ben mediante 5º contedor ben mediante compostaxe individual ou comunitaria, e polo tanto dedicando máis recursos ao inicio do contrato. Os recursos empregados serán de 240.000€ (douscentos corenta mil euros) en total os dous primeiros anos de contrato -para as campañas antes, durante e despois da posta en marcha do novo modelo de servizo-, e de 70.000€ (setenta mil euros) anual cada un dos anos seguintes, debendo ser estas aprobadas polos servizos técnicos municipais.

Entre as accións a levar a cabo nas campañas de concienciación, deben incluírse accións específicas relacionadas coa fracción orgánica, como mínimo coma as seguintes:

- Buzoneo de dípticos informativos, accións de rúa, visitas porta a porta e charlas informativas en asociacións veciñais, enfocadas a fomentar e facilitar a participación no novo modelo de tratamento ou recollida da fracción orgánica a levar a cabo en cada barrio ou parroquia (compostaxe comunitaria, compostaxe doméstica ou quinto contedor).
- Obradoiros prácticos nas propias illas de compostaxe comunitaria. Entendo como tales a realización da demostración nas propias illas, ou nalgún lugar preto, da materia a depositar, como separala nas casas, a utilización de material estruturante para cubrir os restos, como e cando reportar incidencias, etc.; así como o peneirado e reparto do compost entre a veciñanza unha vez se complete o proceso.

3.2 LOTE 2. PAPEL E CARTÓN

3.2.1 RECOLLIDA E TRANSPORTE

- Recollida da fracción papel e cartón domiciliaria en contedores de superficie e soterrados.
- Recollida da fracción papel e cartón comercial a través dun servizo porta a porta comercial no Casco Histórico e Ensanche.
- Transporte da fracción papel e cartón tanto domiciliaria como comercial (porta a porta) e almacenamento ata a entrega a xestor autorizado.

Corresponde ás empresas licitadora propoñer o plan de contenerización máis adecuado deseñado de tal xeito que o número e capacidade dos contedores e a frecuencia de recollida garanta:

- Maximizar a cantidade de papel e cartón reciclado.
- Cumprir cun ratio mínimo de 300 habitantes/contedor.
- Minimizar a distancia das persoas usuarias aos contedor.
- Reducir o impacto visual.

Os horarios de recollida e baleirado dos contedores deberá adaptarse en cada un dos sectores ás características urbanas da zona minimizando as molestias á veciñanza e maximizando a recollida.

As licitadoras presentarán proxecto que inclúa os seguintes aspectos:

- Frecuencia de recollida.
- Número de contedores e a súa situación.
- Relación de percorridos debidamente xustificadas.
- Horarios de inicio e terminación dos percorridos.
- Composición dos equipos a utilizar, número, característica, etc. que mellor se axusten as características de cada zona.
- Tempos medios de carga, descarga e desprazamento por ruta.
- Número de Km recorridos de media por cada equipo de recollida.
- Cantidade estimada de residuos a recoller
- Plan de revisión anual dos percorridos para a súa optimización.

(PENDENTE DE COMPLETAR LOTE 2 PARA DEFINIR POR EX. AS ZONAS DE RECOLLIDA PORTA A PORTA COMERCIAL)

4. EXECUCIÓN DOS SERVIZOS

LOTE 1

A empresa adxudicataria presentará proxecto técnico de prestación do servizo describindo a organización das actividades e informando do plan de recollida dos residuos por fraccións, quendas e sectores de traballo, frecuencias, etc., os medios técnicos coas súas características e rendementos máximos especificando os vehículos e maquinaria necesaria para a prestación dos servizos.

O plan de limpeza incluirá as quendas e sectores de traballo, as frecuencias e os tratamentos aplicados, etc., os medios técnicos coas súas características e rendementos máximos especificando os vehículos e maquinaria necesaria para a prestación dos servizos.

No referente á contenerización, a empresa adxudicataria achegará proxecto técnico có plan de limpeza de colectores, papeleiras, o mantemento e conservación preventivo e correctivo, a información de medios persoais indicando funcións número, distribución por quendas de traballo etc.

O proxecto incluirá un Plan completo de Instalación, Limpeza, Mantemento, Reposición, Traslado e Resituación de contedores, no que se sinalará, libremente, as unidades e capacidade necesarias en cada percorrido ou sector, as frecuencias de limpeza e as operacións de mantemento que se levarán a cabo, os equipos de traballo, os seus horarios,

quendas de traballo, planos de situación dos contedores, rutas de lavado, estudio económico completo, etc.

Detallarse coa maior precisión posible a xustificación da solución adoptada en cada caso.

Con independencia da frecuencia mínima de baleirado, durante a vixencia do contrato, a empresa adxudicataria estará obrigada a acomodar a frecuencia de baleirado á velocidade de enchido dos contedores e, no seu caso, a frecuencia de baleirado, de acordo coas instrucións que en cada caso diten os servizos técnicos municipais, para así manter permanentemente dispoñible a capacidade de depósito de residuos nos contedores, sen que isto supoña ningún incremento no prezo de adxudicación.

A frecuencia de baleirado será aquela que asegure en todo momento que o material depositado no contedor, non supere o 70% da súa capacidade de enchido. Naqueles casos nos que se observe que a frecuencia de baleirado é insuficiente para garantir unha dispoñibilidade mínima do 30% do volume de enchido dos contedores, coa aprobación dos servizos técnicos municipais, a empresa adxudicataria deberá incrementar o número e/ou capacidade dos contedores e se fora preciso incrementar a frecuencia de baleirado, ata asegurar a dispoñibilidade esixida.

O proxecto tamén incluíra os recursos empregados, a metodoloxía dos traballos e calquera cuestión que se considere relevante para levar a cabo o mantemento preventivo, correctivo dos equipos de contenerización soterrada que garanta o bo funcionamento e a seguridade durante o manexo tanto dos operadores da recollida como dos usuarios da vía pública.

4.1 FRACCIÓN RESTO ou REXEITAMENTO

As empresas licitadoras desenvolverán no seu proxecto a organización do servizo de recollida da fracción resto ou rexeitamento, así como as características dos itinerarios dos vehículos recolectores, que serán preferentemente vehículos de carga lateral.

A. RECOLLIDA NOCTURNA

A recollida da fracción resto efectuarase en horario nocturno na zona delimitada ao efecto nas rutas identificadas como urbanas e rururbanas no “anexo XXVI - J6. Sistema de recollida”, sección J.6.2. (páx. 222/292), correspondente a partir das 22.00 h todos os días do ano, agás aqueles establecidos no convenio colectivo en vigor. En caso da coincidencia de dous días festivos seguidos, traballarase un deles.

No seu proxecto, as empresas licitadoras presentarán un plan específico para o casco histórico e o Ensanche, cós seguintes condicionantes:

4.1.1 CASCO HISTÓRICO

Incluirase os seguintes sistemas de recollida da fracción resto:

- Recollida porta a porta comercial.
- Recollida domiciliaria en illas de achega múltiple situadas no perímetro da Améndoa, e illas de quita e pon no interior (unicamente o tempo necesario para o acceso da cidadanía e a súa retirada), podendo utilizar como referencia as localizacións propostas no “anexo XXVI - J6. Sistema de recollida”, sección “J.6.3.3 Casco Vello” (páx. 266/292) e en particular na “figura J.20 Localización proposta dos contedores de quita e pon” (páx 268/292).

A frecuencia de recollida será diaria e farase en horario nocturno a partir das 21:00h incluídos festivos. No caso da recollida comercial porta a porta, reforzase cunha dobre quenda de recollida diaria nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro .

4.1.2 ENSANCHE

As empresas licitadoras presentarán un plan de recollida dos contedores existentes de carga lateral soterrados e en superficie con frecuencia diaria incluídos festivos. O horario de recollida será nocturno partir das 22:00h.

B. RECOLLIDA DIURNA

A recollida da fracción resto efectuarase en horario diúrno a partir das 07:00h nas áreas limítrofes do casco urbano e zonas rurais identificadas como rurais no “anexo XXVI - J6. Sistema de recollida”, sección J.6.2. (páx. 222/292)

A frecuencia mínima será de tres días por semana en días alternos agás domingos, excepto nos polígonos industriais, na que a frecuencia será diaria.

C. DESTINO FINAL DA FRACCIÓN RESTO

O destino final dos residuos da fracción resto será a planta de transferencia de Formarís xestionada por SOGAMA. O custe da xestión final dos mesmos unha vez entregados non é obxecto deste contrato.

As empresas licitadoras deberán ter en conta os condicionantes que impoña a xestión dos residuos na planta de transferencia de Formarís á hora de elaborar a súa oferta.

4.2 FRACCIÓN ORGÁNICA

A compostaxe será o método preferente de tratamento da fracción orgánica, e chegará como mínimo ao 33% da poboación de dereito, entendendo como tal a que se recolle na folla de cálculo do “Anexo XXIII - output domiciliario.ods”, lapela “5_Xestión_MO”, táboa “escenario 0 implantación 2019” “participación 50% IND”.

As empresas licitadoras desenvolverán no seu proxecto a situación, equipamento e operación das áreas comunitarias de compostaxe comunitaria, así como un plan de distribución e asesoramento de composteiros individuais. Poderán situalas libremente xustificando a localización e poboación usuaria total e desglosada, ou partir da proposta recollida no mapa de situación do “Anexo XXI - planos situación contedores.zip”, cartafol “illas_compostaxe”.

Ademais, naquelas zonas onde non sexa viable a compostaxe, deberá indicar a organización do servizo de recollida da fracción orgánica (5º colector e recollida porta a porta a grandes produtores e contedores comerciais), coas características dos itinerarios e dos vehículos recolectores. Para os grandes produtores e contedores comerciais de materia orgánica, ou ben poderán facer unha proposta libre xustificada por actividade, xeración de materia orgánica e/ou localización en eixos comerciais, ou ben utilizar a referencia dos listados de grandes produtores e contedores comerciais, e xeración recollidas no “Anexo XXII - outputs comercial fracción orgánica.ods”.

A. COMPOSTAXE COMUNITARIA

As empresas licitadoras propoñerán na súa oferta un proxecto para a construción, instalación e xestión integral das áreas de achega voluntaria da fracción orgánica dos residuos xerados no ámbito domiciliario. Especificarase a capacidade e ámbito xeográfico que atenderá cada unha das áreas, así como o detalle da operación das mesmas, incluíndo a toma de mostras e análises que permitan valorar a calidade do compost obtido. Debe incluírse a operación das áreas existentes no inicio do contrato.

A dotación de persoal (mestres/as composteiros/as, ou MCs) será tal que cumpra cos requisitos esixibles para cualificar un 90% das zonas de compostaxe comunitaria propostas como tipo 1 ou tipo 2, acorde ao “anexo XXIV – guía de compostaxe comunitario”, sección “13 Propuesta de clasificación de zonas de compostaxe comunitario”. Como exemplo, para unha proposta de 240 illas ou zonas cunha distribución tal que resulten 508 módulos de achega, o número de mestres/as composteiros/as para obter un 100% de illas de tipo 2 sería de 21 (cálculo: 508 módulos de achega / 24 módulos visitados por MC e día = 21 mestres/as).

Cada área de compostaxe comunitaria terá unha asignación de 3 (1 liña x3), 6 (2 liñas x3) ou 10 módulos (2 liñas x 5) de 1m³ de capacidade, dependendo da poboación estimada á que atenda. Da mesma forma, cada área disporá dun contedor para material estruturante.

O proceso de compostaxe deberá completarse na propia área, co trasvase da materia orgánica dende o/os módulo/s de achega aos anexos en liña.

A maiores, debe terse en conta que as áreas de compostaxe implicarán obra de preparación de terreo, que terá en conta todas as actuacións técnicas necesarias para posibilitar o correcto funcionamento e a participación da cidadanía. De forma non exhaustiva, as medidas poderían incluír a escavación para apertura de caixa para illas de 6x4m² ou 8x4m² resultando nunha parcela sen inclinación, a pavimentación con celas de formigón ou PVC e céspede, o borde do pavimento con taboleiro de madeira de 8-22 cms de altura, a cimentación dos postes de estrutura dos composteiros, o recheo con grava e grava miúda e capa drenante, e a acometida de auga e billa de auga con pulsador. Ademais, nun mínimo de 40 illas instalárase unha lona exterior informativa con soporte e a súa zapata.

O compost resultante porase a disposición da cidadanía nas propias áreas, ou será recollido e almacenado pola empresa adxudicataria, para entregarllo posteriormente ao servizo de parques e xardíns municipal, ou a quen indiquen os servizos técnicos municipais.

B. COMPOSTAXE DOMICILIARIA

As empresas licitadoras propoñerán na súa oferta un proxecto para a xestión integral da fracción da materia orgánica en vivendas unifamiliares do Concello, podendo utilizar como referencia as zonas indicadas no “anexo XXV - J5. Esquema global da proposta”, “sección Recollida

selectiva mediante Compostaxe Doméstica para a fracción orgánica” (páx. 4/11), figura “Figura J.6.Plano de Zonas con compostaxe individual” (páx 11/11). Incluirá o subministro de composteiros individuais preferentemente de modelo austríaco de 320l ou equivalente de plástico reciclado, así como o seguimento do proceso mediante visitas ás vivendas con asesoramento ata a obtención do primeiro compost. Ademais, nos casos que resulte necesario, deberá achegarse material estruturante adecuado e suficiente para facilitar a participación da cidadanía. Como referencia para o número de vivendas ou número de composteiros individuais, poden utilizar a táboa “J.6 Número de composteiros individuais por zonas e subzonas”, presente no “anexo XXVI - J6. Sistema de recollida” (páx. 8/292), cun total proposta no citado documento de 1.629.

O número mínimo de visitas para o seguimento do proceso de compostaxe será de 2 ata completar a obtención do primeiro compost, cunha visita anual a partir dese momento.

A empresa adxudicataria deberá rexistrar en formato dixital, como mínimo, as variables de temperatura e humidade dos composteiros obtidas en cada visita, así como as incidencias

existentes, co fin de realizar un seguimento estadístico da evolución e poder publicar os datos anonimizados na plataforma de datos abertos do Concello.

C. RECOLLIDA EN CAMIÓN RECOLECTOR

A recollida da fracción orgánica efectuarase en horario nocturno nas rutas identificadas como urbanas e rururbanas no “anexo XXVI - J6. Sistema de recollida”, sección J.6.2. (páx. 222/292) correspondente a partir das 22.00 h todos os días do ano agás aqueles determinados polo convenio colectivo en vigor.

No seu proxecto, as empresas licitadoras presentarán un plan específico para a recollida porta a porta comercial no casco histórico e nos grandes produtores e contedores comerciais.

D. DESTINO FINAL

O destino final dos residuos da fracción orgánica recollida tanto no 5º colector como na recollida porta a porta será a planta de transferencia de SOGAMA en Formarís. No caso de que SOGAMA non habilite a planta para recibir materia orgánica, debería ser transportada á planta de compostaxe de Sogama en Areosa, ou outra que se indique sempre que estea situada a distancia similar. O custo da xestión final dos mesmos unha vez entregados non é obxecto deste contrato.

As empresas licitadoras deberán ter en conta os condicionantes que impoña a xestión dos residuos na citada planta á hora de elaborar a súa oferta.

4.3 FRACCIÓN ENVASES LIXEIROS

As empresas licitadoras desenvolverán no seu proxecto a organización do servizo de recollida da fracción de envases lixeiros así como as características dos itinerarios dos vehículos recolectores.

O Concello de Santiago atópase na actualidade adherido ao Convenio Marco de Colaboración entre a Comunidade Autónoma de Galicia e o Sistema de Responsabilidade Ampliada do Produtor (SRAP) de Ecoembalajes España S.A. para o fomento da reciclaxe e da recollida selectiva multimaterial de envases de plástico, cartón para bebidas e alimentos e envases metálicos.

O Concello de Santiago cederá á empresa adxudicataria, de forma íntegra, o pago que corresponda polos envases lixeiros recollidos e entregados a xestor autorizado, segundo o establecido no Convenio asinado entre a Comunidade autónoma de Galicia e Ecoembalajes España S.A. Os ingresos así obtidos pola empresa adxudicataria deberán ser tidos en conta para o estudo económico do custe final do servizo.

A. RECOLLIDA NOCTURNA

A recollida da fracción envases lixeiros efectuarase en horario nocturno nas rutas identificadas como urbanas e rururbanas no “anexo XXVI - J6. Sistema de recollida”, sección J.6.2. (páx. 222/292) correspondente a partir das 22.00 h todos os días do ano agás aqueles establecidos no convenio colectivo en vigor .

No proxecto os licitadores presentarán un plan específico para o casco histórico, dadas as súas características diferenciais, tendo en conta os seguintes sistemas de recollida da fracción envases lixeiros:

- Recollida porta a porta comercial.

- Recollida domiciliaria en illas de achega múltiple situadas no perímetro da Améndoa, e illas de quita e pon no interior (unicamente o tempo necesario para o acceso dos cidadáns e a súa retirada), podendo utilizar como referencia as localizacións propostas no “anexo XXVI - J6. Sistema de recollida”, sección “J.6.3.3 Casco Vello” (páx. 266/292) e en particular na “figura J.20 Localización proposta dos contedores de quita e pon” (páx 268/292).

A frecuencia de recollida será diaria e farase en horario nocturno a partir das 21:00h incluídos festivos. No caso da recollida comercial porta a porta, reforzarase cunha dobre quenda de recollida diaria nos meses de xuño, xullo, agosto e setembro .

B. RECOLLIDA DIURNA

A recollida da fracción envases lixeiros efectuarase en horario diúrno a partir das 07:00h nas rutas identificadas como rurais no “anexo XXVI - J6. Sistema de recollida”, sección J.6.2. (páx. 222/292)

A frecuencia mínima será de tres días por semana en días alternos, agás aqueles establecidos no convenio colectivo en vigor .

C. DESTINO FINAL DA FRACCIÓN ENVASES LIXEIROS

O destino final dos residuos da fracción envases lixeiros será a planta de transferencia de Formarís xestionada por SOGAMA. O custo da xestión final dos mesmos unha vez entregados non é obxecto deste contrato.

As empresas licitadoras deberán ter en conta os condicionantes que impoña a xestión dos residuos na planta de transferencia de Formarís á hora de elaborar a súa oferta.

4.4 RECOLLIDAS ESPECÍFICAS

4.4.1 RESIDUOS VOLUMINOSOS

A empresa adxudicataria estará obrigado á recollida e transporte á área de tratamento de tódolos residuos voluminosos de acordo co Plan de Organización do servizo que formará parte da oferta presentada. Neste Plan detallaranse os equipos de recollida (vehículos, incluídos os de reserva, persoal, etc.), calendario e horarios, coordinación co resto de rutas de recollida, sistemas de transporte e recuperación dos residuos recollidos, incluíndo detalles das empresas destinatarias dos residuos, etc.

A frecuencia deste servizo será diaria, excepto domingos e festivos

Este plan debe incluír un sistema mediante o cal se poida controlar o fluxo de residuos vertidos, asignando ós veciños un día e hora de depósito, de forma que a ruta de recollida se poida planificar, optimizándose así os medios. Isto poderase realizar a través do servizo de atención ao cidadán que debe poñer en marcha a empresa adxudicataria. Tamén será obriga da empresa adxudicataria a recollida de voluminosos depositados na vía pública sen previo aviso aínda que non existise petición previa.

Como complemento deste servizo, a empresa adxudicataria, previa indicación do Concello, terá a obriga de atender os casos de desafuzamentos, lanzamentos, etc. que dite a Administración de Xustiza, retirando os obxectos que lle sexan ordenados nas datas, horas e lugares que se determinen, sendo trasladados ó depósito que se estableza por parte da mencionada Administración.

4.4.2 RECOLLIDA DE RAEEs

As empresas licitadoras deberán propoñer na súa oferta un sistema específico para a recollida de RAEEs segundo as necesidades do Concello e os condicionantes regulamentarios vixentes, tendo en conta en todo caso que este tipo de residuos non se poden abandonar na vía pública nin mesturar entre si nin con outras fraccións de voluminosos.

Queda incluído no prezo do contrato o transporte e a xestión final en instalación autorizada determinada na oferta da empresa adxudicataria, garantindo a trazabilidade e o cumprimento da normativa vixente con respecto aos RAEE.

Emitirase un xustificante de entrega dos RAEEs ás persoas usuarias.

Terase en conta o convenio marco de colaboración entre C.A. Galicia e Sistemas integrados de Xestión en canto aos condicionantes do mesmo, e a percepción de compensación económica polos custos soportados na recollida selectiva deste tipo de servizos.

4.4.3 RESIDUOS DE ANIMAIS MORTOS

O servizo de recollida de animais mortos pode realizarse no domicilio particular dos propietarios de animais domésticos (cans, gatos e calquera mascota que habite no fogar) a demanda do interesado debendo verificarse a titularidade do animal mediante certificado do rexistro de identificación animal contrastado coa lectura do microchip implantado.

Aínda que son considerados residuos domésticos a súa xestión final ten que estar ao establecido na normativa de subprodutos animais non destinados ao consumo humano debendo ser enviados a un xestor autorizado.

En canto aos animais mortos abandonados na vía pública, estes deberán ser obxecto do protocolo de identificación por parte da policía local antes de ser recollidos polo servizo cós medios adecuados, e enviado a xestor autorizado para o tratamento final.

4.4.4 RESIDUOS DE COSTRUCCIÓN E DEMOLICIÓN

Serán recollidos polo servizo os residuos procedentes de pequenas obras de reparación domiciliaria, que se disporán na vía pública polos seus produtores en sacos con asas tipo big-bag previa petición do interesado e comprobación dos permisos municipais necesarios.

Serán consideradas pequenas obras de reparación domiciliaria as efectuadas no ámbito doméstico, con escasa entidade construtiva e cun límite de peso de 200 kg por solicitude.

4.4.5 RESIDUOS PROCENTES DA LIMPEZA VIARIA

A recollida e transporte dos residuos procedentes das labores de limpeza viaria do Concello serán xestionados conxuntamente coa fracción resto dos residuos domiciliarios.

En caso de que estes residuos, pola súas características, non poidan ser xestionados mediante entrega na planta de transferencia de SOGAMA (residuos perigosos ou sanitarios abandonados na vía pública), a empresa adxudicataria retirará os mesmos da vía pública cós medios adecuados, debendo facerse cargo da xestión final mediante entrega a xestor autorizado ao seu cargo.

4.4.6 RESIDUOS RECOLLIDOS MEDIANTE PUNTO LIMPO MÓBIL

O licitador propondrá un servizo de punto limpo móbil para a recollida de residuos de orixe doméstica que polas súas características, perigosidade ou toxicidade non deban ser xestionadas conxuntamente co resto dos mesmos.

Esta instalación estará atendida por persoal cualificado quen determinará os usuarios que poden utilizar o servizo así como os residuos admitidos e rexeitados, debendo en todo caso poñer un esforzo especial na información aos usuarios que permita que os mesmos incorporen prácticas ambientais de redución, recuperación e reciclaxe deste tipo de residuos.

As fraccións de residuos domésticos admitidos no punto limpo móbil serán practicamente os mesmos que os aceptados nos puntos limpos fixos como voluminosos, aceites vexetais, roupa e complementos, pilas e baterías, botes de pintura, lámpadas e fluorescentes, RAEEs, tóner, etc.

En calquera caso non serán admitidos nesta instalación os seguintes residuos: materia orgánica, residuos non identificados, residuos industriais, residuos mesturados, residuos explosivos, radioactivos e sanitarios.

Indicarán os lugares, frecuencia e horarios de instalación do mesmo podendo ser variados en función dos resultados obtidos e a demanda cidadán existente para o servizo.

O destino final dos residuos recollidos mediante este sistema será realizada por xestor autorizado, do mesmo xeito que o establecido para os recollidos nos puntos limpos fixos.

Será obrigatoria a utilización do sistema de información de rexistro de entradas. Actualmente, o sistema propiedade do Concello e operado pola empresa adxudicataria é "Teixo GP. Software para ecoparques e puntos limpos", cun terminal completo no polígono do Tambre e terminais móbiles no punto móbil.

4.4.7 PILAS E BATERIAS

As empresas licitadoras propoñerán a organización do servizo de recollida de residuos de pilas e acumuladores, que se fará con dúas modalidades:

- Recollida en colectores instalados na vía pública.
- Recollida a demanda dos colectores instalados no interior de locais e edificios públicos.

Os residuos serán transportados a un Punto de Recollida Municipal onde serán postos a disposición dos Sistemas Integrados de Xestión segundo o establecido no Convenio Marco de Colaboración asinado entre a Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades xestoras dos sistemas integrados de xestión. Esta recollida farase en horario diúrno.

O custe da xestión, si o tivese, será asumido polo licitador dentro do prezo do contrato.

4.4.8 VERTEDEIROS INCONTROLADOS

As empresas licitadoras disporán os medios necesarios para a recollida de todo tipo de residuos abandonados indiscriminadamente que podan dar lugar o sexan punto de vertido incontrolado nas zonas públicas do Concello. O destino final dos mesmos será en función da súa natureza (voluminosos, RAEEs, escombros, residuos perigosos ou especiais, etc.)

4.5 LIMPEZA VIARIA

O obxecto deste servizo é a limpeza e retirada de todos os desperdicios existentes nas beirarrúas, alcorques abertos e pechados, prazas, vías e calquera outra superficie de uso público non exceptuada no ámbito da prestación do servizo. Entre estes residuos inclúense residuos procedentes do tráfico rodado e peonil, restos da recollida de residuos domiciliarios, follas, flores e froitos do arborado caídos sobre a vía pública, excrementos de animais, malas herbas ou calquera outro resto que ensucie a vía pública, mesmo manchas sobre o pavimento.

A limpeza viaria levarase a cabo mediante técnicas de varrido e baldeo os cales poderán ser manuais, mecánicas ou mixtas, debendo a empresa adxudicataria determinar os equipos e técnicas e frecuencias en función das características específicas de cada zona obxecto da limpeza. Como, por exemplo: densidade e tipo de poboación, amplitude de beirarrúas e calzadas, tipoloxía do pavimento, pendentes e rasantes, configuración urbana de cada área (residencial, turística, comercial, industrial) .

A recollida dos residuos e o seu transporte aos centros de eliminación e/ou transferencia será mediante o sistema de recollida domiciliaria, ou sistema propio para cada un dos servizos.

4.5.1 HORARIOS E FRECUENCIAS

HORARIOS

Serán indicados polas empresas licitadoras nos correspondentes estudos, para o que se terá en conta que a prestación do servizo sexa a máis axeitada para a zona de actuación, evitando molestias innecesarias ás actividades que nela se realicen.

Concretarase os días de prestación de actividades e horario real do servizo.

Todo o anterior realizarase tendo en conta os actuais condicionantes do convenio colectivo en vigor.

FRECUENCIAS

As empresas licitadoras deberán desenvolver nas súas ofertas o proxecto de prestación desta actividade para as diferentes áreas de actuación, conforme aos niveis de limpeza que cada un defina, a partir dos mínimos que se detallan no “ANEXO I - Niveis mínimos de limpeza viaria” deste prego.

Así mesmo, as empresas licitadoras deberán realizar un estudio detallado de todo o ámbito de actuación deste prego, clasificando as distintas zonas e vías segundo o grao de limpeza que se considere de aplicación, conforme aos niveis de actuación que a empresa defina e de acordo a criterios obxectivos (amplitude de beirarrúas e calzadas, densidade de mobiliario urbano, densidade do tráfico rodado e peonil, arborado, etc.). Así mesmo, presentará un Plan Básico de actuación onde definirá a solución que considera óptima, valorándose mellor canto maior sexa a superficie/lonxitude incluída no nivel de maior prestación, sempre e cando as ditas propostas se atopen debidamente xustificadas.

Valoraranse positivamente as propostas que inclúan varridos (manuais, mixtos ou mecánicos), baldeos e varridos de mantemento, todos eles de carácter diario, na parte máis ampla da cidade.

Así mesmo presentará un Plan de servizos Complementarios que de xeito individualizado desenvolva os servizos que se citan a continuación. Cada licitador presentará a frecuencia e horario que estime oportuno para cada un destes servizos:

4.5.2 PLANIFICAIÓN DAS ACTUACIÓNS

A. VARRIDO MANUAL

Este servizo consistirá en limpar debidamente as beirarrúas, paseos, prazas, calzadas e, moi especialmente, as proximidades dos beirís e por debaixo dos vehículos aparcados, alcoves abertos e pechados e a retirada de malas herbas non desexadas. Aplicaranse os presentes traballos en zonas que presentan dificultades na súa mecanización en razón do seu acceso, pendentes, pavimentación, etc. Tamén inclúe esta operación o baleirado de papeleiras.

Cada unidade de varrido estará integrada por un operario e irá dotado có equipo e ferramentas necesarias para desempeñar con eficacia e perfección o seu cometido, que son como mínimo un carriño manual porta cubos, cepillo ou escobillón e recolledor, ou ben equipos mecánicos eléctricos de man dos que a empresa indicará potencia de traballo, autonomía e capacidade de funcionamento.

Deberán ser especialmente coidadosos có entorno no que actúan no respecto aos pavimentos e molestias á veciñanza, especialmente no que se refire á contaminación acústica.

B. VARRIDO MECÁNICO

Esta operación consiste no varrido mediante a utilización de máquinas especiais das beirarrúas e calzadas existentes na vía pública, recollendo e eliminando todos os residuos, desperdicios, po, etc., que se produzan.

Beirarrúas

Esta modalidade priorizarase en beirarrúas anchas e zonas peonís de moito tránsito, así como complemento do varrido manual nas beirarrúas que o permitan.

As máquinas a utilizar serán de pequenas dimensións, pensadas especialmente para esta área, e deberán levar un sistema de humectación para eliminar a formación de po. Ademais, serán de grande maniobrabilidade en razón das súas condicións especiais de traballo, debendo emitir o mínimo nivel de ruído que permita a tecnoloxía actual.

Calzadas

Enténdese por varrido mecánico en calzada o que se realiza mediante unha máquina autopropulsada nunha franxa da calzada (1'50/2'50 m) contigua ao beiril, así como nas avenidas con xardinería central e nas rotondas e glorietas, estean ou non delimitadas por un beiril, có obxecto de eliminar os desperdicios ou residuos almacenados nesta zona da calzada.

Utilizaranse máquinas varredoras –recolledoras de aspiración-arrastre provistas de sistemas de humectación e filtros para o aire expulsado, debendo emitir o mínimo nivel de ruído que permita a tecnoloxía actual.

C. VARRIDO MIXTO

A combinación das dúas técnicas descritas anteriormente nas zonas onde se requira.

D. VARRIDO EN BRIGADA

As brigadas teñen como misión principal a limpeza global de todas as zonas urbanizadas próximas ao casco urbano, incluíndo as zonas industriais e semirurais. Estas áreas normalmente de amplos espazos e rúas abertas é onde se atopan obxectos de tamaño considerable. Tamén soen ser superficies amplas, onde o traballo dun peón só sería pouco efectivo. Ademais, os recursos con que conta un peón co seu carriño portabolsas son insuficientes, dada a cantidade de residuos que por regra xeral se recollen.

Estas brigadas estarán integradas por dous ou máis operarios coas súas ferramentas e cun vehículo adecuado para o desenvolvemento da súa actividade.

E. VARRIDO DE REPASO

Esta operación, complemento doutros varridos, realizarase naquelas zonas que xa foron limpadas pero que polas súas condicións urbanísticas, actividade comercial ou turística, tránsito peonil, etc., requiran elevados niveis de limpeza.

O obxectivo é unha limpeza na zona onde se manifestan deficiencias puntuais.

F. BALDEO MANUAL

Consistirá en baldear as beirarrúas, paseos, prazas, calzadas das rúas, soportais e, moi especialmente, as proximidades dos beirís e por debaixo dos vehículos aparcados. Aplicaranse os presentes traballos nas zonas que presentan dificultades na súa mecanización en razón do seu acceso ou pavimentación, etc.

Efectuarase sempre logo da operación de varrido, debendo recoller os posibles residuos que se xunten e evitando en todo caso o atoamento dos imbornais.

Cada equipo de baldeo irá dotado cós equipos e ferramentas necesarias para desempeñar con eficacia e perfección o seu cometido.

G. BALDEO MECÁNICO DE CALZADAS

Consistirá no lanzamento de auga a presión adecuada mediante equipos provistos de bocas orientables, ou outro sistema que dirixan a auga cara ao bordo.

H. BALDEO MECÁNICO DE BEIRARRÚAS E ZONAS PEONÍS

Consistirá no lanzamento de auga a presión adecuada, mediante equipos autopropulsados ou máquinas compactas provistas de difusores orientables con alta maniobrabilidade, e que exerzan unha presión o máis baixa posible para non deteriorar o pavimento

Estes servizos de baldeo estarán complementados cos servizos de limpeza manual e coordinados cos da recollida de residuos sólidos urbanos.

I. BALDEO MIXTO

Consistirá na combinación dun baldeo mecánico e manual para os casos non accesibles a un baldeo mecánico exclusivamente.

Aplicarase nas zonas con forte densidade de mobiliario urbano, así como cando o baldeo mecánico resulte incompleto, poñendo especial atención nas zonas de ocio nocturno onde sexa necesario o tratamento de parte dos paramentos verticais das edificacións como

consecuencia de actividades que ensucien os mesmos provocando malos cheiros e incomodidades á cidadanía.

J. FREGADO DE BEIRARRÚAS E ZONAS PEONÍS

Consistirá na limpeza mediante equipos autopropulsados dotados dunha serie de cepillos e dispositivos de auga presión quente que mellora o rendemento dos mesmos con posterior secado da zona tratada mediante turbina de aspiración e recirculación de auga.

K. SERVIZO ESPECIAL DURANTE O ANO XACOBEO (2021)

Servizo especial de ampliación do servizo de limpeza viaria durante un mínimo de 6 meses durante o ano 2021, que consistirá nun mínimo de 10 persoas extra contratadas durante o período, para dar resposta ás necesidades de limpeza viaria pola afluencia turística extra esperada no próximo Xacobeo.

4.5.3 PLAN DE SERVIZOS COMPLEMENTARIOS

- 1.- Limpeza de soares e zonas sen urbanizar de titularidade municipal.
 - 2.- Plan específico de caída da folla.
 - 3.- Plan específico para a tempada de verán, Nadal e Entroido.
 - 4.- Limpeza de pintadas en fachadas, vías públicas mobiliario urbano, aparcamentos, etc.
 - 5.- Retirada de carteis e pancartas.
 - 6.- Limpeza de zonas de ocio nocturno.
 - 7.- Limpeza de mercadiños, mercados, feiras, festas, actos deportivos, zonas de ocio, instalacións e pistas deportivas.
 - 8.- Prevención invernal.
 - 9.- Casos de emerxencia.
 - 10.- Limpeza de manchas de graxa e aceite nas calzadas.
 - 11.- Limpeza intensiva de pavimentos (goma de mascar, incrustacións nas baldosas, etc.)
 - 12.- Limpeza de alcorques.
 - 13.- Limpeza de domingos e festivos.
 - 14.- Tratamentos especiais.
-
- 1.- Limpeza de soares e zonas sen urbanizar de titularidade pública.

A empresa adxudataria estará obrigada á limpeza dos vertedoiros - escombreyas ilegais que se formen no termo municipal, incluído o transporte dos produtos retirados á área de

eliminación. Os equipos que se destinen a este fin deberán ser suficientemente flexibles como para adaptarse ás necesidades cualitativas e cuantitativas de cada momento.

No suposto de que nas escombreyas existan produtos que requiran tratamento específico, estes se retirarán e transportarán selectivamente á área de tratamento asignado. O custe da recollida e transporte e tratamento dos residuos será por conta do contratista.

- 2.- Plan específico de caída da folla.

Na época da caída da folla, a empresa adxudicataria disporá dun plan especial dotado dos medios precisos suficientes e específicos, sen condicionar ou reducir o servizo de limpeza habitual, que posibilite unha inmediata retirada das follas das vías públicas, evitando en todo caso a obturación dos imbornais das vías así como a súa presenza nas beirarrúas e calzadas, polo risco que para a seguridade de persoas e vehículos supón sobre todo cando están molladas pola chuvia.

- 3.- Plan específico para a tempada de verán, Nadal e Entroido.

Durante estas tempadas, as empresas licitadoras deberán contemplar os servizos de apoio precisos para afrontar as aglomeracións e incremento de actividade destas datas.

- 4.- Limpeza de pintadas en fachadas, vías públicas, mobiliario urbano, etc.

As empresas licitadoras contemplarán nos seus respectivos estudos a realización das tarefas de limpeza de pintadas, para o que se utilizarán os mellores medios e sistemas que a técnica actual permita, incluso a aplicación de sistemas preventivos a base de pinturas, imprimacións, etc.. Con este fin, a empresa adxudicataria disporá dos equipos precisos para esta función permanentemente.

Este servizo ten por obxecto a limpeza de pintadas, adhesivos e similares de mobiliario urbano, fachadas de edificios, pavimentos etc.

A limpeza de pintadas efectuarase en todos os edificios, muros, paredes etc., e en xeral onde sexa ordenado polos servizos do Concello por razóns de especial interese.

Estas limpeza se efectuarán tendo en conta tanto o material de que están construídas as fachadas (pedra natural ou artificial, mármore, ladrillo, cemento, etc.), coma dos elementos químicos de que se compoñen as pintadas, empregándose produtos pouco abrasivos que non danen as fachadas.

Igualmente se manterá a estética do edificio en todas estas actuacións.

Para a eliminación de pintadas en fachadas e edificios, utilizaranse decapantes pouco abrasivos que en ningún momento danen a superficie onde se sustentan nin resulten prexudiciais para o medio ambiente en xeral, sendo responsabilidade da empresa adxudicataria presentar ante a Administración os certificados, homologacións, ensaios e demais documentación complementaria que así o confirme.

Para esta labor empregaranse máquinas axeitadas, evitando cepillar con cepillos de aceiro e rascar con ferramentas que poidan danar as fachadas.

- 5.- Retirada de carteis e pancartas

As empresas licitadoras incluírán permanentemente na súa oferta un equipo que realizará a función de retirada continua dos carteis pegados, nas fachadas dos edificios.

Para esta labor empregaranse máquinas axeitadas, evitando cepillar con cepillos de aceiro e rascar con ferramentas que poidan danar as fachadas. Deberanse atender de xeito específico e intensivo os períodos electorais.

- 6.- Limpeza en zonas de ocio nocturno

As empresas licitadoras identificarán as zonas de ocio nocturno e desenvolverán un plan específico para que o seu horario de “xeración de sucidade” non afecte á calidade da limpeza que debe ter esa zona para a realización das actividades diúrnas.

A limpeza comezará inmediatamente despois do horario de peche da zona. Inclúirá a recollida de todo tipo de residuos, a recollida manual de botellas depositadas na vía pública e baleirado nos contedores para vidro, baldeo de beirarrúas e calzadas e baldeo con auga a presión.

- 7.- Limpeza de mercadiños, mercados, feiras, festas, Actos deportivos, zonas de ocio diúrno.

Presentarase un plan específico para a limpeza das zonas onde se realizan estas actividades independentemente do día que se realicen, comezando o servizo á finalización do evento e desenvolvendo a limpeza con celeridade e prontitude, co obxecto de deixar a zona limpa á maior brevidade posible e co seu nivel de calidade de limpeza correspondente.

As empresas licitadoras deberán prever nas súas ofertas a limpeza das festas nos barrios ou parroquias, mediante a utilización dos medios axeitados os días que se precise.

Será obriga do Contratista efectuar a limpeza previa e posterior a cada evento para garantir que os espazos incluso rúas e lugares colaterais se atopan en condicións óptimas de limpeza, incluso se os mesmos se celebran en Domingos ou Festivos, debendo realizarse en horarios atípicos, tanto de inicio como de finalización, de ser necesario.

8.- Prevención invernal

O licitador deberá aplicar sal preventivamente naquelas zonas de calzadas e beirarrúas onde polas condicións climatolóxicas sexa probable a formación de placas de xeo que supoñan un risco de esvaramentos e caídas para as persoas, así como riscos para o tráfico rodado nas vías do Concello.

9.- Casos de emerxencia

Nos casos de accidente, inundacións, incendios, actos vandálicos, terroristas, nevadas e cantos outros imprevistos xurdan na vida diaria da Cidade, o Contratista estará obrigado a poñer a disposición da Corporación tódolos medios necesarios de que estea dotada a contrata, sen que isto supoña ningún sobre custo sobre o prezo ofertado.

10.- Limpeza de manchas de graxa e aceite en calzadas

Esta operación consiste na limpeza de manchas no pavimento producidas por aceites, graxas, gas oíl, etc., dos vehículos ou calquera outra orixe mediante a utilización de maquinaria e produtos adecuados.

Este servizo realizarase en todas as calzadas que o precisen pero, especialmente, nas paradas de autobuses, taxis, etc., onde é mais frecuente a acumulación de graxas, aceites, etc.

11.- Limpeza intensiva de pavimentos (goma de mascar, incrustacións nas baldosas, etc.)

Os Licitadores incluirán na súa oferta os equipos especiais precisos para a eliminación continua de goma de mascar, incrustacións, etc.

12.- Limpeza de alcorques

O licitador deberá contemplar a limpeza de todos os alcorques coa mesma intensidade e frecuencia que a limpeza da beirarrúa ou rúa onde se sitúen. En calquera caso, deberá presentar na oferta un plan no que se detallen os medios a empregar, metodoloxía, etc., en especial naqueles alcorques pechados que teñan que levantarse para a súa limpeza.

13.- Limpeza de Domingos e Festivos

As empresas licitadoras preverán un plan de Limpeza para estes días que, dotado dos recursos técnicos e humanos suficientes, permita afrontar a limpeza das rúas e zonas que se inclúan no dito programa. Estará incluído, en todo caso, o parque da Alameda, que comezará a súa limpeza ás 7:00 horas.

14.- Tratamentos Especiais

Independentemente dos tratamentos examinados nos artigos anteriores, as empresas licitadoras poderán propoñer tratamentos alternativos ou complementarios susceptibles de mellorar a prestación do servizo obxecto deste contrato.

Poderase incluír tamén a realización doutros traballos de limpeza por motivos de modificación da lexislación aplicable, renovación tecnolóxica, mellora da calidade do servizo, ampliación do ámbito ou calquera outra que poda xurdir no desenvolvemento do contrato que mellore a calidade do servizo prestado á veciñanza dentro dos límites impostos polo prego de condicións deste contrato.

4.6 CONTENERIZACIÓN

4.6.1 Definición

As empresas licitadoras presentarán un proxecto completo de instalación, limpeza, mantemento, reposición, traslado e recolocación de contedores, no que se sinalará os tipos, unidades e capacidade necesarias en cada percorrido ou sector, as frecuencias de limpeza e as operacións de mantemento que se levarán a cabo, os equipos de traballo, os seus horarios, quendas de traballo, situación dos contedores, rutas de lavado, estudo económico completo, etc.

Será de especial relevancia eliminar completamente ou reducir os contedores “solitarios” ou illados de resto ou rexeitamento, primando por tanto a instalación de illas completas, nas que sexa posible depositar polo menos a fracción orgánica (excepto nas zonas de compostaxe), envases lixeiros e resto.

Detallarse con precisión a xustificación da solución adoptada en cada caso. En particular, seguindo a regra anterior de eliminar os contedores illados de resto, cando se propoña esta opción requirirá de especial xustificación. Poderá utilizarse como referencia o número e localización de contedores referido no “Anexo XXI - planos situación contedores”

Con independencia da frecuencia mínima de baleirado, durante a vixencia do contrato, a empresa adxudicataria estará obrigada a acomodar a frecuencia de baleirado á velocidade de enchido dos contedores e, no seu caso, a frecuencia de baleirado de acordo coas instrucións que en cada caso diten os servizos técnicos municipais, para así manter permanentemente dispoñible a capacidade de depósito de residuos nos contedores, sen que isto supoña ningún incremento no prezo de adxudicación.

A frecuencia de baleirado será aquela que asegure en todo momento que o material depositado no contedor, non supere o 70% da súa capacidade de enchido. Naqueles casos nos que se observe que a frecuencia de baleirado é insuficiente para garantir unha dispoñibilidade mínima do 30% do volume de enchido dos contedores, coa aprobación dos servizos técnicos municipais, a empresa adxudicataria deberá incrementar o número e/ou capacidade dos contedores e se fora preciso incrementar a frecuencia de baleirado, ata asegurar a dispoñibilidade esixida.

A contenerización da recollida de residuos e da recollida selectiva será preferentemente de carga lateral, salvo en aquelas localizacións onde non fora posible a súa instalación ou que por razóns técnicas non sexa aconsellable.

No caso de incremento do número de contedores soterrados, a empresa estará obrigada a asumir a súa recollida e mantemento, sen que isto supoña ningún cargo extra para o Concello. Así mesmo, se o Concello decidira a implantación dun novo sistema de recollida que afectara a un ou varios percorridos, estudaríanse as condicións do contrato da zona afectada, de acordo cos prezos unitarios establecidos na oferta presentada.

As cores, impresións e identificación dos mesmos realizaranse conforme aos criterios que especifique este Concello. Independentemente do sistema de recollida dos contedores, estes deberán ter unha estética homoxénea entre eles.

Ademais do xa indicado, serán a cargo da empresa:

- A localización dos emplacementsos. Será necesaria a aprobación dos servizos técnicos municipais para a súa instalación.
- Todas as obras necesarias para a súa adecuación ao entorno, incluíndo modificación de beirís, alteración de zonas de aparcamentos, incluso cambios de man, reposición de servizos afectados, etc.
- Instalación planificada dos novos contedores.
- A delimitación dos mesmos.
- A súa sinalización horizontal ou vertical
- A protección dos contedores fronte ás interferencias co tráfico peonil ou rodado, e a ancoraxe dos mesmos cando fora preciso.

- En xeral, calquera outra medida complementaria tendente á correcta situación dos contedores presentes e futuros.
- Considéranse incluídos dentro da oferta todos os custes de primeira instalación e o mantemento das medidas adoptadas.

Neste sentido, os servizos técnicos municipais poderán, en función das diferentes solucións propostas adoptar aquelas que resulten máis convenientes para o que se terá en conta a situación relativa dos contedores no contexto urbano en que se atopen situados.

Terase en consideración os incrementos que poidan producirse en diferentes épocas do ano, así como nos eventos puntuais ou periódicos que se realicen, cubríndose en todo momento, as necesidades do servizo, co fin de que os usuarios non se vexan obrigados, en ningún momento, a depositar os seus residuos fóra dos recipientes por falta de capacidade instalada.

A empresa adxudicataria está obrigada a instalar con antelación suficiente os contedores de reforzo que sexan precisos e a prestar servizos especiais de recollida en coordinación cos servizos de limpeza previstos en cada caso. Finalizado o acontecemento ou a situación que provocou a maior xeración de residuos e, unha vez restablecida a normalidade, os contedores instalados será novamente retirados polo concesionario, e tras ser sometidos á súa limpeza, serán almacenados.

A empresa adxudicataria, para atender as obrigas derivadas deste prego, deberá adquirir os contedores que sexan precisos así como a manter un stock mínimo de unidades que para o caso de materia orgánica e resto non será inferior ao 5% do total a instalar.

Os contedores empregados na actual contrata de máis de 5 anos de antigüidade serán retirados pola empresa e farase cargo dos mesmos. A totalidade dos contedores fóra de uso pasarán a ser da súa propiedade. As empresas licitadoras realizarán unha proposta económica nas súas ofertas a favor do Concello de Santiago para a adquisición dos contedores referidos.

4.6.2 TIPOLOXÍA

Todos os contedores deberán estar especificamente adaptados aos elevadores instalados nos vehículos de recollida que operen no Concello, e cumprirán coas normas nacionais e internacionais vixentes en canto a calidade e funcionalidade, para garantir a idoneidade de uso por parte dos servizos de recollida e da propia cidadanía.

En concreto, deberán cumprir coa seguinte normativa e características técnicas:

- Mercado CE.
- Mercado de nivel sonoro de acordo coa directiva 2000/14/CE.

- Cumprimento das normas armonizadas EN 12574 ou EN 13071 dependendo da súa tipoloxía.
- Os contedores será fabricados por inxección ou rotomoldeo.
- Os novos contedores de carga lateral e guindastre (gancho) de todas as fraccións manterán unha **total uniformidade e homoxeneidade estética**.
- Os contedores de carga lateral e guindastre (gancho) de todas as fraccións deberán ser **sen tapa, con “bocas sen contacto”**, situadas a unha altura que garanta unha adecuada ergonomía e accesibilidade sen necesidade de pedal ou elementos extra. O diámetro, forma e número de bocas seguirá os estándares de mercado e recomendacións de sistemas de xestión en cada caso.

Mais aínda, no referente á fracción orgánica, e o subministro de caldeiros e bolsas compostables para a poboación cuberta polo 5º contedor:

- Os **caldeiros** deberán ser aireados ou perforados, deseñados para a recollida da fracción orgánica dos residuos urbanos a nivel doméstico. A súa capacidade deberá ser de entre 7 e 10 litros, e o seu corpo estará fabricado con materiais plásticos, preferentemente reciclados, dispoñendo dunha asa para facilitar o seu traslado, así como unha tapa aireada e capacidade portante suficiente.
- Xunto aos caldeiros, subministraranse tamén **bolsas compostables** (fabricadas a partires de amidón de millo ou material equivalente, e de capacidade entre 20 e 30 litros), tomando como referencia unha dotación mínima dun rolo de 50 bolsas por cada caldeiro domiciliario a fornecer. As bolsas deberán estar certificadas conforme a norma UNE EN 13432 ou outra que acredite a súa compostabilidade.

Finalmente, con respecto á **compostaxe comunitaria**:

- As unidades de compostaxe deberán ter un deseño modular, de xeito que permitan ensamblar unhas con outras, podendo operar individualmente ou mediante a formación de baterías.
- Cada unidade modular terá un volume de 1m³ e paredes laterais con estruturas de reforzo e tapa. As paredes laterais previstas para as ensamblaxes, serano en toda a súa lonxitude, de xeito que non queden folguras ou diferenzas en altura ou anchura entre as unidades ensambladas.
- As unidades, xa estean instaladas de xeito independente ou ensambladas entre si, así como o caixón do estruturante, deberán ser totalmente estables, non podendo producir o seu envorco ou perda do seu contido. Do mesmo xeito, o seu deseño deberá impedir a perda das súas pezas por acción do vento ou doutros elementos.
- A montaxe, desmontaxe, así como a ensamblaxe entre as unidades, deberá poderse facer de xeito sinxelo sen requirir ferramentas ou coñecementos específicos. Achegarse o

manual de montaxe e desmontaxe das unidades. As unidades ensambladas deberán permitir un manexo sinxelo para facilitar o traspaso do contido dunha unidade á seguinte.

- As unidades deberán estar garantidas polo fabricante por un mínimo de 2 anos, valorándose a garantía por tempo superior. En calquera caso, todos os materiais empregados deberán de ser resistentes ás condicións da compostaxe, entendido esta como un proceso de transformación biolóxica controlada de residuos de natureza orgánica, que van mudando a súas características segundo inflúan distintos factores de control.

- As paredes deberán ter un espesor suficiente para garantir a súa estabilidade estrutural nas condicións de operación, deberán estar fabricadas a partires de plástico reciclado e estar exentas de CFC (colorofluorocarbonados), debendo presentar certificado do fabricante que así o acredite.

- Cada unidade disporá dunha tapa superior, de xeito que permita a súa apertura, debendo ser fabricada nun material que non se oxide nin se vexa afectado polo proceso de compostaxe. Será única e se o sistema de apertura da tapa fose pivotante, deberá permitir un grao de apertura non inferior a 60°; en calquera outro tipo de apertura deberá garantir a apertura no 100 % da superficie da boca. Valorarase a facilidade de uso polos usuarios e de baleirado e transvasemento.

- Deberá ter a robustez adecuada para garantir que, en condicións normais de operación, non presentará danos durante a súa vida operativa. Será estanca, de xeito que se impida a entrada de auga de choiva ou doutro elemento sólido no seu interior. A única posibilidade de saídas dos lixiviados será pola base, de xeito que percolen directamente ao terreo sen posibilidade de saídas laterais.

- Pola súa parte, o caixón para o estruturante terá un volume de, polo menos, 1m³ e características semellantes ás unidades modulares, con tapa pivotante.

- Tanto as unidades modulares como o caixón para estruturante, deberán de poder pecharse mediante cadeado.

- As unidades de compostaxe deberán levar integrado na propia masa do mesmo, nun lugar visible, o logotipo do Concello de Santiago, así como outros anagramas que se podan indicar.

- A serigrafía e demais elementos de identificación e visualización das unidades, serán de alta calidade, para o que se deberán aplicar os tratamentos adecuados para minimizar o deterioro pola acción do sol e do vandalismo gráfico.

4.6.3 MANTEMENTO

Será obriga da empresa adxudicataria a organización e execución dos traballos de mantemento preventivo e correctivo da totalidade dos contedores, incluso das illas soterradas e illas de compostaxe comunitaria existentes e das que se instalen.

A empresa adxudicataria deberá establecer para o mantemento xeral periódico dos contedores, un Programa no que se detallen todas as operacións de mantemento preventivo.

Os traballos de mantemento, incluírán como mínimo:

- a revisión periódica do estado funcional e de conservación dos contedores.
- O engraxe de determinados compoñentes.
- A revisión dos dispositivos de freado en modelos que o incorporen.
- A reposición de elementos reflectantes e outros adhesivos deteriorados.
- A reposición do número de identificación do contedor e no seu caso, do punto de lixo, nos casos nos que non se visualicen correctamente.
- A eliminación completa de pintadas e graffitis mediante produtos de probada eficacia que á súa vez non danen o contedor.
- A corrección daquelas partes do contedor que sufran golpes ou impactos que dean lugar a bolos, deformacións ou desaxustes.
- A corrección daquelas partes do contedor que sufran rozaduras e dean lugar a raias ou zonas con desprendemento de pintura ou material.
- A substitución ou reparación de calquera compoñente deteriorado ou defectuoso.
- Outros traballos incluídos nos manuais de conservación e mantemento dos fabricantes.

Se o deterioro do contedor pola causa que fose (pintadas, graffitis, bolos, deformacións, desaxustes, raias, zonas de desprendemento de pintura ou material, etc.) fose de tal alcance que o traballo de corrección non fose esteticamente aceptable, a empresa deberá proceder á súa reparación e se fose preciso, ao pintado completo do contedor nunha cabina de pintado ou ben á substitución do contedor por outro novo a criterio dos servizos técnicos municipais.

Nos casos de traballos de mantemento non programados, como consecuencia de necesidades sobrevidas, o Adxudicatario deberá solucionar a anomalía detectada, nun prazo máximo de 24 horas. Se isto non fora posible, deberase substituír o contedor por outro similar, ata a resolución.

A empresa adxudicataria disporá, obrigatoriamente, dun stock suficiente de pezas de reposto dos diferentes modelos de contedores instalados (tapas, rodas, sistemas de elevación, etc.). O concesionario asumirá as responsabilidades derivadas da eventual demora que puidera producirse no mantemento ordinario ou na reparación de contedores como consecuencia da falta de repostos necesarios.

4.6.4 LAVADO E DESINFECCIÓN

O proxecto de contenerización, en canto a frecuencias mínimas de limpeza e desinfección terá en conta as seguintes frecuencias:

- Contedores de materia orgánica, resto e envases lixeiros:
Limpeza externa e interna mecanizada: unha cada 10 días.
- Contedores para eventos periódicos ou eventuais:
Limpeza externa e interna mecanizada cada vez que se celebre o evento.

Aqueles contedores ou emprazamentos que presenten unha anormal sucidade serán lavados con carácter inmediato, todo iso con independencia da programación de lavado a que se atopen sometidos.

O sistema de limpeza mecanizado pode realizarse ben mediante camión lava contedores ou ben mediante tren de lavado, para o cal deberán contar coa correspondente instalación.

LOTE 2

4.7 SERVIZOS DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS DE PAPEL-CARTÓN

A empresa adxudicataria presentará proxecto técnico de prestación do servizo mediante dous sistemas: a recollida mecanizada con vehículos recolectores mediante sistemas de guindastre (gancho) e a recollida porta a porta nas áreas comerciais da cidade (zona monumental e Ensanche), describindo a organización das actividades e informando do plan de recollida da fracción reciclable de residuos de papel-cartón do Concello, quendas e sectores de traballo, frecuencias, os medios técnicos coas súas características e rendementos máximos especificando os vehículos e maquinaria necesaria para a prestación dos servizos.

Con independencia da frecuencia mínima de baleirado, durante a vixencia do contrato, a empresa adxudicataria estará obrigada a acomodar a frecuencia de baleirado á velocidade de enchido dos contedores e, no seu caso, a frecuencia de baleirado, de acordo coas instrucións que en cada caso indiquen os servizos técnicos municipais, para así manter permanentemente dispoñible a capacidade de depósito de residuos nos contedores, sen que isto supoña ningún incremento no prezo de adxudicación.

A frecuencia de baleirado será aquela que asegure en todo momento que o material depositado no contedor, non supere o 70% da súa capacidade de enchido. Naqueles casos nos que se observe que a frecuencia de baleirado é insuficiente para garantir unha dispoñibilidade mínima do 30% do volume de enchido dos contedores, coa aprobación dos servizos técnicos municipais, o Concesionario deberá incrementar o número e/ou

capacidade dos contedores e se fora preciso incrementar a frecuencia de baleirado, ata asegurar a dispoñibilidade esixida.

En todo caso o transporte dos residuos realizarase inmediatamente ao finalizar cada percorrido depositando estes na instalación que determine o adxudicatario na súa oferta quedando incluído no prezo do contrato os custos que supoña esta xestión.

O Concello de Santiago de Compostela atópase actualmente adherido ao Convenio Marco de Colaboración asinado entre a Comunidade Autónoma de Galicia e Ecoembalajes España S.A. para o fomento da reciclaxe e da recollida selectiva monomaterial de papel de cartón. A empresa adxudicataria queda obrigado por este convenio nos mesmos termos que o fai o Concello de Santiago pola súa adhesión.

A recollida en contedor farase en horario nocturno no ámbito da cidade na que a recollida de residuos da fracción resto sexa tamén nocturna. No resto do término municipal permítese a recollida en quenda de día.

Para a recollida porta a porta destes residuos a empresa licitadora propondrá na súa oferta o sistema que estime máis adecuado ás condicións de entrega e as cantidades dispostas polas persoas usuarias, podendo utilizar como referencia as rutas e zonas identificadas no “anexo XXVI - J6. Sistema de recollida”, seccións J.6.2. (páx 222/2929) e J.6.3.2 (páx. 250/292). Estes residuos así recollidos serán depositados nas mesmas instalacións que os recollidos mediante contedores

4.8 VALORIZACIÓN DOS RESIDUOS DE PAPEL E CARTÓN

O Concello de Santiago cederá á empresa adxudicataria, de forma íntegra, o pago que corresponda polo papel e cartón recollido segundo o establecido no Convenio asinado entre a Comunidade autónoma de Galicia e Ecoembalajes España S.A., así como os ingresos da venta directa a recuperadores finais ou xestores intermedios.

A empresa adxudicataria estará obrigado a realizar a valoración no mercado deste tipo de residuos. Os ingresos así obtidos pola empresa adxudicataria deberán ser tidos en conta para o estudo económico do custe final do servizo.

Cada licitador na súa oferta deberá indicar as instalacións nas que será entregado este residuo e que contarán con báscula homologada para a pesada dos camións de recollida debendo emitirse un xustificante automático da pesada que determine a veracidade das cantidades recollidas.

A. RECOLLIDA NOCTURNA

A recollida da fracción papel-cartón efectuarase en horario nocturno na zona delimitada ao efecto no ámbito da cidade na que a recollida da fracción resto sexa tamén nocturna, con frecuencia diaria de luns a sábados, agás aqueles establecidos no convenio colectivo en vigor. En caso da coincidencia de dous días festivos seguidos, traballarase un deles.

No seu proxecto, as empresas licitadoras presentarán un plan específico para o casco histórico e o Ensanche, cós seguintes condicionantes:

4.8.1 CASCO HISTÓRICO

Incluirase os seguintes sistemas de recollida da fracción papel-cartón:

- Recollida porta a porta comercial.
- A recollida do papel-cartón nos contedores xa sexa en illas fixas ou de quita e pon no ámbito do casco histórico serán recollidos polo adxudicatario do lote 1.

A frecuencia de recollida será diaria de luns a sábado e farase en horario nocturno a partir das 20:00h.

4.8.2 ENSANCHE

- Recollida porta a porta comercial.
- Recollida domiciliaria dos contedores existentes soterrados e en superficie con frecuencia diaria de luns a sábado. O horario de recollida será nocturno partir das 22:00h.

B. RECOLLIDA DIURNA

A recollida da fracción papel-cartón poderá efectuarse en horario diúrno a partir das 07:00h nas áreas limítrofes do casco urbano e zonas rurais.

A frecuencia mínima será de dos días por semana.

5 MEDIOS MATERIAIS E HUMANOS.

LOTE 1

Os medios materiais e humanos que, como mínimo, deberá aportar o contratista responderán aos condicionantes seguintes:

5.1 MEDIOS MATERIAIS

5.1.1.- Condicións dos equipos.

As empresas licitadoras ofertarán todos os medios materiais precisos para a realización das prescricións do presente Prego, indicando, expresamente o número de vehículos operativos en cada momento, reservas, etc.

As empresas licitadoras deberán indicar, para todo o parque de maquinaria, as súas principais características, tales como: modelos, tipo, anchos de varrido ou baldeo, potencia de motores, capacidades, rendementos, antigüidade, etc. Ningún vehículo poderá ter unha antigüidade superior aos 4 anos, agás aqueles pendentes de amortización, ou aqueles xa amortizados para os cales a empresa licitadora xustifique a extensión da súa vida útil, segundo o **“Anexo II – Vehículos actuais do servizo e valor económico”** do presente prego.

O Concello de Santiago entenderá que o material ofertado fora considerado polas empresas licitadoras como suficiente para afrontar as obrigas derivadas do Contrato. En caso contrario, a adxudicataria será responsable de dito déficit, sendo obriga do mesmo a adquisición da maquinaria complementaria para a correcta prestación do servizo.

A maquinaria disposta pola empresa adxudicataria deberá responder aos últimos avances tecnolóxicos do mercado, tanto polo que respecta á súa enxeñería, rendementos, como, moi especialmente, aos niveles de emisión sonora durante a súa operación, valorándose niveis de emisión os máis baixos posibles. A empresa adxudicataria deberá presentar os certificados das medicións realizadas por laboratorios acústicos de recoñecida solvencia técnica.

A empresa adxudicataria estará obrigado a adoptar as medidas correctoras oportunas para atenuar ou eliminar os ruídos sen que supoña ningún custo para a Administración.

Todos os vehículos que sexan turismos, categoría M, empregados para funcións de mando, organización, mantemento,... disporán da clasificación “0 emisións” establecida pola Dirección Xeral de Tráfico.

No relativo ao Casco Histórico, como mínimo, os vehículos de lavado de beirarrúas serán 100% eléctricos.

No relativo ao resto de vehículos de recollida de residuos e limpeza viaria, a empresa licitadora poderá propoñer vehículos que, cumprindo coa norma EURO 6, utilice algún dos combustibles que actualmente existen no mercado. Valorarase positivamente cando unha gran parte ou todos os vehículos contén coa clasificación “ECO” ou “0 emisións” establecida pola Dirección Xeral de Tráfico.

Aqueles equipos de características operacionais que non sexan as mais axeitadas ó entorno no que se van a operar serán, a petición razoada dos servizos Técnicos Municipais, substituídos por outros que, realizando a mesma función, cumpran con tódolos requisitos establecidos para este tipo de equipo.

Os equipos de baldeo de calzadas estarán, en todos os casos, provistos de bocas de carga rápida e deberán ser compatibles cos hidrantes e cos equipos propios do servizo municipal de bombeiros.

A flota de vehículos e maquinaria ofertada deberá manter uniformidade en marcas e modelos na medida do posible, xa que será un factor negativo da oferta a dispersión inxustificada de marcas e modelos, por implicar un innecesario aumento dos custos de mantemento e unha presumible diminución das xornadas efectivas de traballo.

A maquinaria ademais do mercado C.E. e os certificados correspondentes contarán cun informe anual elaborado desde o servizo de prevención da empresa adxudicataria acreditativo de que seguen a satisfacer as esixencias con respecto á normativa de seguridade en máquinas e equipos de traballo (R.D. 1644/2008, R.D. 1215/1997, etc.)

Unha vez finalizada a xornada de traballo, todo o material móbil do servizo será lavado e desinfectado, tanto interiormente como exteriormente, moi especialmente os recolectores, debendo contar a base de operacións con axeitado tren de lavado.

Todos os vehículos e maquinaria adscritos a este contrato deberán de ser repintados tantas veces sexa necesario se, a xuízo dos servizos técnicos municipais, isto fora preciso. Así mesmo, os vehículos levarán o logotipo do Concello de Santiago de Compostela segundo as indicacións dos servizos técnicos municipais

A empresa adxudicataria comprometerase á adquisición, de acordo coa relación de prezos contida no **Anexo XXX**, dos vehículos pendentes de amortizar. O pagamento destes vehículos, deberá facerse ao contratista actual, antes de facerse cargo do servizo.

No caso dos medios totalmente amortizados, as empresas licitadoras presentarán unha oferta económica de adquisición ao Concello do conxunto do paquete de medios sinalados con indicación do prezo unitario por unidade. Os medios con máis de 14 anos poderán ser utilizados unicamente como reserva do servizo, sempre que se atopen en perfecto estado de uso e coas inspeccións técnicas obrigatorias superadas.

Os custes de mantemento e explotación destes vehículos correrán a conta da empresa adxudicataria.

As empresas licitadoras indicará na súa proposta un plan de reposición de maquinaria e vehículos no que se planificarán as substitucións.

A empresa adxudicataria disporá de tódolos medios de sinalización necesarios tales como luces, intermitencias, valas, discos, conos, etc., que permitan unha perfecta sinalización das labores en vías públicas. Así mesmo, a empresa adxudicataria dotará aos vehículos que realicen a súa labor en xornada nocturna de sinais especiais que denoten a súa presenza e protexan a súa seguridade segundo a regulamentación vixente.

A empresa adxudicataria deberá contar con vehículos de inspección para o adecuado control do servizo por parte do seu persoal así como a posta a disposición de dous vehículos de inspección para uso dos servizos municipais. Todos estes vehículos de inspección deberán contar coa clasificación "0 emisións" establecida pola D.X.T. correndo por conta da empresa adxudicataria o seu consumo e mantemento. Naqueles outros casos en que se usen a favor do servizo vehículos non adscritos ao mesmo a empresa terá ao seu cargo os consumos dos mesmos.

Transcorrido o período de duración da contrata, o Concello pasará a ser propietario en exclusiva de tódolos medios materiais dos que a súa amortización sexa a cargo do mesmo. Se existise algún medio material dos que a súa vida útil fose inferior ao prazo de duración do contrato, a empresa deberá realizar a súa reposición sen ningún novo cargo. Os dereitos municipais sobre esta maquinaria poderán ser cedidos ou traspasados a terceiros, a través dos procedementos legais establecidos, tendo prioridade de uso o propio servizo se así se require.

Baixo ningún concepto, excepción feita de que así sexa ordenado por este Concello ou os seus servizos técnicos dependentes, ningún equipo adscrito á empresa poderá operar, agás en operacións de transporte, fora dos límites do termo municipal ou en funcións alleas ás sinaladas polo presente Prego de Condicións. O incumprimento probado da presente cláusula será motivo de cualificación de falta moi grave.

5.1.2 MAQUINARIA E MATERIAL DE RECOLLIDA DE RESIDUOS

O licitador propondrá a maquinaria e material de recollida de residuos que considere necesario, podendo utilizar como referencia o listado de vehículos da folla de cálculo do "Anexo XVI - número e características vehículos recollida lote1 lote2.ods" relativos ao lote 1.

5.1.3 MAQUINARIA E MATERIAL DE LIMPEZA VIARIA

O licitador propondrá a maquinaria e material de limpeza que cumprindo coas especificacións sinaladas anteriormente aseguren unha correcta execución da mesma, debendo ser

minuciosamente descritos aportando cantos datos sexan necesarios para o mellor coñecemento dos mesmos. Neste apartado serán claros e concisos incluíndo cantas explicación e xustificacións para a correcta comprensión do funcionamento e desempeño dos equipos incluídos na súa proposta, podendo utilizar como referencia o listado de maquinaria da folia de cálculo do “Anexo XVII - número e características maquinaria limpeza viaria lote1.ods”

5.2. INSTALACIÓNS FIXAS

Considéranse instalacións fixas os garaxes, talleres, almacéns, oficinas etc. que sirvan para a estancia e mantemento do material e para a concentración e distribución do persoal, incluídas as instalacións auxiliares como aseos, vestiarios, etc. segundo o disposto na regulamentación vixente en materia de seguridade e saúde laboral.

Estas instalacións son:

- Nave central con taller e oficinas.
- Dous puntos limpos.
- Puntos de concentración e distribución.

A nave central e os dous puntos limpos son instalacións que o Concello pon a disposición da empresa adxudicataria, debendo este recibir e usar obrigatoriamente as mesmas asumindo todos os custos derivados do seu uso, consumos e tributos que legalmente sexan repercutibles, debendo mantelos en bo estado conforme ao plan de explotación e mantemento de instalacións fixas que se presente na oferta e facendo fronte a calquera necesidade das instalacións para a adecuación do seu proxecto de execución ao contrato. Así mesmo, cumprirán en todo momento con calquera norma ou ordenanza aplicable a este tipo de instalacións especialmente as relacionadas coa seguridade e hixiene e o medio ambiente. Deberán obter os permisos necesarios para o desenvolvemento da actividade a que se vai dedicar as instalacións.

Estas instalacións serán de uso exclusivo do persoal e medios que aporte a empresa adxudicataria para o servizo, salvo autorización expresa do Concello.

Calquera obra de mellora ou ampliación en obra definitiva ou desmontable previamente aprobada polo Concello pasará a ser propiedade municipal.

5.3. MEDIOS HUMANOS

5.3.1. Cadro de Persoal.

As empresas licitadoras definirán, libremente, nas súas respectivas ofertas o persoal por categorías que disporán para a realización das diferentes tarefas encomendadas por Prego, especificando claramente os postos de traballo de prestación directa, así como o cadro de persoal para cubrir, en todo momento, os mencionados postos de traballo.

Definirán con exactitude as categorías de persoal, non admitíndose por este Concello categorías ou situacións e persoal que non xustifiquen a súa prestación integral e continua durante todo a xornada laboral.

Incluirán nas súas ofertas o plan de distribución do persoal que permita ter, durante as 24 horas do día, os medios humanos suficientes para atender as incidencias que puideran xurdir na cidade.

Deberán aportar a relación de persoal de Dirección, Técnico e de Supervisión e Control que disporán para a realización do Contrato, así como unha detallada relación das funcións asignadas a cada un deles. O persoal propio de Empresa asignado a estas funcións será en réxime de dedicación exclusiva ao servizo.

O Concello de Santiago non terá, co citado persoal de empresa, ningunha relación laboral, xurídica nin de outra índole, nin durante o prazo de vixencia do contrato nin á finalización do mesmo.

A empresa adxudicataria subrogarase o persoal fixo, aprobado polo Concello, que ten actualmente contratado a empresa que realiza o servizo, de acordo co expresado no **ANEXO XXX** do presente Prego de Condicións.

Baixo ningún concepto, a empresa poderá ordenar ás persoas traballadoras adscritas ao servizo a realización de tarefas alleas ás derivadas do presente prego, excepción feita de que así fora ordenando polo Concello de Santiago ou seus servizos técnicos dependentes. O incumprimento probado desta prescrición terá a consideración de falta moi grave.

A empresa terá a obriga de contratar persoal temporal adicional para substituír a todo membro do cadro de persoal que se atope en situación de baixa superior a un mes.

No suposto de que fora preciso a contratación de novo persoal, os contratos entenderanse para todos os casos presentes e futuros, de duración limitada á fin da Contrata, salvo que figuren no Proxecto ou sexan debidamente autorizados polo Concello de Santiago.

5.3.2.- Responsabilidades xerais do Adxudicatario con relación ao cadro de persoal.

A empresa adxudicataria terá co seu cadro de persoal as obrigas que a continuación se sinalan:

- A afiliación e cotización á Seguridade Social do conxunto do persoal adscrito ao cadro de persoal, o que probará mediante a presentación dos correspondentes TC1 e TC2, xunto á proposta de Certificación mensual.

- O cumprimento presente ou futuro de toda a normativa legal que, no ámbito local, autonómico, Estatal ou Comunitario puidera afectar ao cadro de persoal.
- A implantación de melloras na xestión de persoal, tendentes á mellora da eficacia do servizo e da profesionalidade dos traballadores, moi especialmente os relacionados con:
 - Formación do persoal para a correcta realización dos traballos asignados.
 - Formación complementaria sobre calidade dos traballos e relación cos usuarios.
 - Fórmulas de motivación e recoñecemento do persoal.
- Ao finalizar o contrato o custo do persoal subrogable non poderá ser en termos homoxéneos de masa salarial superior ao custo do persoal obxecto de subrogación na presente licitación máis os incrementos de IPC que sufriran ao longo da vida do presente contrato, agás sexan xustificadas por causas de ampliación do servizo.
- A empresa adjudicataria estará obrigado a ter uniformado a todo o persoal que preste o servizo, sexa cal sexa a categoría profesional. Será obriga inescusable que cada operario leve visible un número de identificación que o distinga, para que o usuario poida, en todo momento, individualizar as reclamacións que poidan presentarse.
- As empresas licitadoras proporán os diferentes modelos de uniforme, sendo requisito previo a súa implantación a aceptación polo Concello de Santiago. En calquera circunstancia, o dito equipamento responderá ás máximas esixencias de calidade e visibilidade.
- A empresa adjudicataria estará obrigado a cumprir tódolos requirimentos esixidos pola lexislación vixente ou futura en materia de Seguridade e Prevención de Riscos Laborais.
- A empresa adjudicataria estará obrigado a dotar a todo o persoal, dos equipos de protección individual e colectivo necesarios para cada labor, sendo responsabilidade do mesmo viciar o seu estado e impoñer o seu uso.
- As modificacións de horarios, quendas e postos de traballo que se deriven da estrutura organizativa aprobada, resolveranse segundo o articulado no vixente Convenio Colectivo.

5.3.3. Situacións de emerxencia.

En situacións de emerxencia, por seren o servizo de Limpeza e Recollida un servizo básico, a Empresa deberá dispoñer da capacidade organizativa suficiente para dispoñer do persoal necesario con que afrontar as ditas situacións. Neste contexto, os Licitadores deberán aportar, no seu estudio de medios, o dispositivo previsto para que neste tipo de situacións no período máximo da primeira hora e seguintes, poida dispoñerse do maior número de traballadores posible.

Nestas excepcionais situacións, o mando superior deste persoal e os medios materiais asociados será exercido polos servizos Técnicos municipais, os cales disporán dos ditos medios conforme ás necesidades de cada momento, non podendo negarse a Empresa, de ningún xeito, á cesión des medios materiais e humanos.

5.3.4 Representación do contratista

A empresa contratista adxudicatario do servizo disporá dun xefe responsable do mesmo, con residencia en Santiago de Compostela e dedicación exclusiva, que estará encargado da Dirección técnica dos traballadores, material e instalacións da contrata, o cal se atopará debidamente dotado de poderes que acrediten xuridicamente a representación de forma ampla.

Representará á empresa adxudicataria ante o Concello de Santiago de Compostela, estando obrigado a facilitar ó persoal do servizo Municipal cantos datos, inspeccións e servizos considere necesarios este persoal para executar a súa labor de control.

5.3.5 Danos a terceiros

A empresa adxudicataria será o único responsable, fronte a terceiros, polos danos ou prexuízos que puideran causar no exercicio da súa labor ou por incumprimento da mesma.

A tales efectos, e para cubrir os riscos causados por accidentes de calquera natureza, a empresa adxudicataria estará obrigado a subscribir unha póliza de seguros de responsabilidade civil limitada de, como mínimo, 1.500.000 euros, sendo responsabilidade do mesmo a substitución, inmediata e coa mesma calidade, dos medios danados, todo iso con independencia das accións que, en defensa dos seus intereses, puidera exercer.

LOTE 2

Os medios materiais e humanos que, como mínimo, deberá aportar o contratista responderán aos condicionantes seguintes:

5.4 MEDIOS MATERIAIS

5.4.1.- Condicións dos equipos.

As empresas licitadoras ofertarán todos os medios materiais precisos para a realización das prescricións do presente Prego, indicando, expresamente o número de vehículos operativos en cada momento, reservas, etc.

As empresas licitadoras deberán indicar, para todo o parque de maquinaria, as súas principais características, tales como: modelos, tipo, potencia de motores, capacidades, antigüidade, etc. Ningún vehículo poderá ter unha antigüidade superior aos 4 anos.

O Concello de Santiago entenderá que o material ofertado fora considerado polas empresas licitadoras como suficiente para afrontar as obrigas derivadas do Contrato. En caso contrario, a adxudicataria será responsable de dito déficit, sendo obriga do mesmo a adquisición da maquinaria complementaria para a correcta prestación do servizo.

A maquinaria disposta pola empresa adxudicataria deberá responder aos últimos avances tecnolóxicos do mercado, tanto polo que respecta á súa enxeñería, rendementos, como, moi especialmente, aos niveles de emisión sonora durante a súa operación, valorándose niveis de emisión os máis baixos posibles. A empresa adxudicataria deberá presentar os certificados das medicións realizadas por laboratorios acústicos de recoñecida solvencia técnica.

A empresa adxudicataria estará obrigado a adoptar as medidas correctoras oportunas para atenuar ou eliminar os ruídos sen que supoña ningún custo para a Administración.

Todos os vehículos que sexan turismos, categoría M, empregados para funcións de mando, organización, mantemento,... disporán da clasificación "0 emisións" establecida pola Dirección Xeral de Tráfico.

No relativo á recollida de papel-cartón, a empresa licitadora poderá propoñer vehículos de recollida que, cumprindo coa norma EURO 6, utilice algún dos combustibles que actualmente existen no mercado. Valorarase positivamente cando unha gran parte ou todos os vehículos de recollida contén coa clasificación "ECO" ou "0 emisións" establecida pola Dirección Xeral de Tráfico.

Aqueles equipos de características operacionais que non sexan as mais axeitadas ó entorno no que se van a operar serán, a petición razoada dos servizos Técnicos Municipais, substituídos por outros que, realizando a mesma función, cumpran con tódolos requisitos establecidos para este tipo de equipo.

A flota de vehículos e maquinaria ofertada deberá manter uniformidade en marcas e modelos na medida do posible, xa que será un factor negativo da oferta a dispersión inxustificada de marcas e modelos, por implicar un innecesario aumento dos custos de mantemento e unha presumible diminución das xornadas efectivas de traballo.

A maquinaria ademais do mercado C.E. e os certificados correspondentes contarán cun informe anual elaborado desde o servizo de prevención da empresa adxudicataria acreditativo de que seguen a satisfacer as esixencias con respecto á normativa de seguridade en máquinas e equipos de traballo (R.D. 1644/2008, R.D. 1215/1997, etc.)

Unha vez finalizada a xornada de traballo, todo o material móbil do servizo será lavado e desinfectado, tanto interiormente como exteriormente, moi especialmente os recolectores, debendo contar a base de operacións con axeitado tren de lavado.

Todos os vehículos e maquinaria adscritos a este contrato deberán de ser repintados cantas veces sexa necesario se, a xuízo dos servizos técnicos municipais, isto fora preciso. Así mesmo, os vehículos levarán o logotipo do Concello de Santiago de Compostela segundo as indicacións dos servizos técnicos municipais

As empresas licitadoras indicará na súa proposta un plan de reposición de maquinaria e vehículos no que se planificarán as substitucións.

A empresa adxudicataria disporá de tódolos medios de sinalización necesarios tales como luces, intermitencias, valas, discos, conos, etc., que permitan unha perfecta sinalización das labores en vías públicas. Así mesmo, a empresa adxudicataria dotará aos vehículos que realicen a súa labor en xornada nocturna de sinais especiais que denoten a súa presenza e protexan a súa seguridade segundo a regulamentación vixente.

A empresa adxudicataria deberá contar con vehículos de inspección para o adecuado control do servizo por parte do seu persoal así como a posta a disposición de dous vehículos de inspección para uso dos servizos municipais. Todos estes vehículos de inspección deberán contar coa clasificación “cero emisións” establecida pola D.X.T. correndo por conta da empresa adxudicataria o seu consumo e mantemento. Naqueles outros casos en que se usen a favor do servizo vehículos non adscritos ao mesmo a empresa terá ao seu cargo os consumos dos mesmos.

Transcorrido o período de duración da contrata, o Concello pasará a ser propietario en exclusiva de tódolos medios materiais dos que a súa amortización sexa a cargo do mesmo. Se existise algún medio material dos que a súa vida útil fose inferior ao prazo de duración do contrato, a empresa deberá realizar a súa reposición sen ningún novo cargo. Os dereitos municipais sobre esta maquinaria poderán ser cedidos ou traspasados a terceiros,

a través dos procedementos legais establecidos, tendo prioridade de uso o propio servizo se así se require.

Baixo ningún concepto, excepción feita de que así sexa ordenado por este Concello ou os seus servizos técnicos dependentes, ningún equipo adscrito á empresa poderá operar, agás en operacións de transporte, fora dos límites do termo municipal ou en funcións alleas ás sinaladas polo presente Prego de Condicións. O incumprimento probado da presente cláusula será motivo de cualificación de falta moi grave.

5.4.2 MAQUINARIA E MATERIAL DE RECOLLIDA

O licitador propondrá a maquinaria e material de recollida de residuos que considere necesario, podendo utilizar como referencia o listado de vehículos da folia de cálculo do “Anexo XVI - número e características vehículos recollida lote1 lote2.ods” relativos ao lote 2.

5.5.- MEDIOS HUMANOS

5.5.1. Cadro de Persoal.

As empresas licitadoras definirán o persoal por categorías que disporán para a realización das diferentes tarefas encomendadas polo prego, especificando claramente os postos de traballo de prestación directa, así como o cadro de persoal para cubrir, en todo momento, os mencionados postos de traballo.

As empresas licitadoras definirán con exactitude as categorías de persoal, non admitíndose por este Concello categorías ou situacións e persoal que non xustifiquen a súa prestación integral e continua durante todo a xornada laboral.

As empresas licitadoras deberán aportar a relación de persoal de Dirección, Técnico e de Supervisión e Control que disporán para a realización do Contrato, así como unha detallada relación das funcións asignadas a cada un deles. O persoal propio da empresa adjudicataria asignado a estas funcións será en réxime de dedicación exclusiva ao servizo.

O Concello de Santiago non terá, co citado persoal de empresa, ningunha relación laboral, xurídica nin de outra índole, nin durante o prazo de vixencia do contrato nin á finalización do mesmo.

A empresa adjudicataria subrogarase o persoal fixo, aprobado polo Concello, que ten actualmente contratado a empresa que realiza o servizo, de acordo co expresado no **ANEXO XXX** do presente Prego de Condicións.

Baixo ningún concepto, a empresa poderá ordenar ás persoas traballadoras adscritas ao servizo a realización de tarefas alleas ás derivadas do presente prego, excepción feita de que así fora ordenando polo Concello de Santiago ou seus servizos técnicos dependentes. O incumprimento probado desta prescrición terá a consideración de falta moi grave.

A empresa terá a obriga de contratar persoal temporal adicional para substituír a todo membro do cadro de persoal que se atope en situación de baixa superior a un mes.

No suposto de que fora preciso a contratación de novo persoal, os contratos entenderanse para todos os casos presentes e futuros, de duración limitada á fin da Contrata, salvo que figuren no Proxecto ou sexan debidamente autorizados polo Concello de Santiago.

5.5.2.- Responsabilidades xerais do Adxudicatario con relación ao cadro de persoal.

A empresa adxudicataria terá co seu cadro de persoal as obrigas que a continuación se sinalan:

A afiliación e cotización á Seguridade Social do conxunto do persoal adscrito ao cadro de persoal, o que probará mediante a presentación dos correspondentes TC1 e TC2, xunto á proposta de Certificación mensual.

O cumprimento presente ou futuro de toda a normativa legal que, no ámbito local, autonómico, Estatal ou Comunitario puidera afectar ao cadro de persoal.

A implantación de melloras na xestión de persoal, tendentes á mellora da eficacia do servizo e da profesionalidade dos traballadores, moi especialmente os relacionados con:

- Formación do persoal para a correcta realización dos traballos asignados.
- Formación complementaria sobre calidade dos traballos e relación cos usuarios.
- Fórmulas de motivación e recoñecemento do persoal.

Ao finalizar o contrato o custo do persoal subrogable non poderá ser en termos homoxéneos de masa salarial superior ao custo do persoal obxecto de subrogación na presente licitación máis os incrementos de IPC que sufriran ao longo da vida do presente contrato, agás sexan xustificadas por causas de ampliación do servizo.

A empresa adxudicataria estará obrigado a ter uniformado a todo o persoal que preste o servizo, sexa cal sexa a categoría profesional. Será obriga inescusable que cada operario leve visible un número de identificación que o distinga, para que o usuario poida, en todo momento, individualizar as reclamacións que poidan presentarse.

As empresas licitadoras adoptarán o uniforme aprobado polos servizos técnicos municipais para o lote 1. En calquera circunstancia, o dito equipamento responderá ás máximas esixencias de calidade e visibilidade.

A empresa adxudicataria estará obrigado a cumprir tódolos requirimentos esixidos pola lexislación vixente ou futura en materia de Seguridade e Prevención de Riscos Laborais.

A empresa adxudicataria estará obrigado a dotar a todo o persoal, dos equipos de protección individual e colectivo necesarios para cada labor, sendo responsabilidade do mesmo viciar o seu estado e impoñer o seu uso.

As modificacións de horarios, quendas e postos de traballo que se deriven da estrutura organizativa aprobada, resolveranse segundo o articulado no vixente Convenio Colectivo.

6. CONTROL DE CALIDADE

O fin deste control é obxectivar o máis posible a calidade da execución dos servizos obxecto deste Prego así como a presentación de proposta de melloras continuas en aqueles puntos que presentan anomalías de xeito reincidente por parte da empresa adxudicataria, mediante a comprobación dos medios a empregar no servizo así como a execución efectiva das diferentes rutas, e a calidade, servindo todo isto para que o Concello se faga unha idea fiel do desenvolvemento efectivo da contrata.

Este control farase a través de indicadores que sexan sinxelos, obxectivos e reproducibles. Os valores obtidos para cada un dos mesmos modularán a repercusión económica sobre a certificación mensual polos servizos prestados.

A execución do mesmo será realizada por empresa independente con recoñecida experiencia na elaboración deste tipo de controis e incluírase unha partida específica para sufragar **o seu custo, que será de ata 40.000€ para o control de calidade do segundo semestre do primeiro ano do contrato, e de ata 80.000€/ano os anos seguintes**. En todo caso a empresa será determinada polos servizos técnicos municipais quen dirixirá e aprobará os traballos, debendo incluír unha auditoría técnica e económica da totalidade do servizo.

LOTE 1

Analizaranse os seguintes aspectos do servizo:

6.1. CONTROL CUANTITATIVO

Determina a presenza efectiva dos medios humanos e materiais de cada servizo prestado mediante a comprobación da presenza dos recursos humanos e materiais ao inicio e fin de cada quenda de traballo, así como durante a execución dos servizos prestados e a verificación dos medios materiais a través dos sistemas GPS e sistemas embarcados dos vehículos empregados.

A non disposición dos efectivos humanos e/ou materiais terá unha repercusión económica na certificación mensual cuantificada nun desconto baseado nos prezos unitarios presentados na oferta dos medios non presentes nos controis.

Estes descontos cuantifícanse do seguinte xeito:

A ausencia dun medio material ou humano na quenda de traballo previsto dará lugar ao desconto do seu custe unitario multiplicado por 1,1.

O incumprimento do horario do quenda dun medio material ou humano ao principio ou final do mesmo dará lugar ao desconto do 30% do seu custo unitario sempre que a redución do tempo efectivo de traballo previsto sexa inferior ao 25%. Se a redución fose maior do 25% e menor do o desconto sería do 50%.

6.2 CONTROL CUALITATIVO (factor de calidade)

Mide o nivel de mantemento e aspecto dos vehículos e maquinaria así como a uniformidade e número adecuado de operarios de cada un dos servizos prestados (limpeza viaria, recollida e limpeza de contedores, recollidas especiais, etc.)

O valor do Factor de calidade dará lugar a un desconto no importe da certificación mensual có límite máximo do 5% da certificación para o 100% das incidencias.

Calcúlase tendo en conta as seguintes deficiencias observadas en polo menos 20 controis mensuais realizados aleatoriamente.

- Equipos sen a dotación adecuada, xa sexa na composición dos operarios coma na ausencia do vehículo programado (F1).
- Uniformidade non regulamentaria e/ou deficientes condicións de aseo ou decoro (F2).
- Vehículos e/ou maquinaria con aspecto inadecuado, sen imaxe corporativa, elementos rotos, abolladuras, etc. (F3).
- Vehículo non estanco, deixa residuos líquidos ou sólidos sobre a calzada (F4).
- Vehículo con deficiencia na sinalización, luces de emerxencia, aviso marcha atrás etc. (F5).
- Vehículo con ruído excesivo ao normal funcionamento dos motores (F6).

- Vehículo con alta emisión de fumes (F6).
- Vehículo con perda de aceites deixando rastro ao seu paso (F6).

A fórmula para o cálculo do Factor cualitativo Fc será:

$$F_c = (0,1 \cdot \sum F_1 + 0,1 \cdot \sum F_2 + 0,2 \cdot \sum F_3 + 0,25 \cdot \sum F_4 + 0,15 \cdot \sum F_5 + 0,2 \cdot \sum F_6) / \text{N}^\circ \text{ controis}$$

$\sum F_i$ é o número de incidencias mensuais para cada un dos subíndices

Fc obterase en % aplicando o desconto directamente sobre o total da certificación mensual. O desconto máximo a aplicar por este concepto é do 5% que se corresponde có 100% de incidencias.

6.3 CONTROL DO GRADO DE CUMPRIMENTO DOS EQUIPOS

O factor de grado de cumprimento Fgc Determina a porcentaxe de equipos que completan a ruta que teñen planificada

Para o seu cálculo empregárase a información obtida dos sistemas GPS instalados nos vehículos e maquinaria. Avaliarase todas as rutas planificadas xa sexan de recollida, limpeza etc.

A fórmula aplicada será a seguinte: n

$$F_{gc} = \text{N}^\circ \text{ rutas incompletas} \cdot 100 / \text{N}^\circ \text{ total de rutas}$$

En función do valor deste factor, aplicarase un desconto na certificación mensual seguindo os seguintes criterios:

Fgc \leq 5% considérase satisfactorio e ten desconto da certificación mensual dun Fgc > 5% e \leq 10% considérase insatisfactorio e ten desconto da certificación mensual dun 0,75%

Fgc > 10% e \leq 20% considérase deficiente e ten desconto da certificación mensual dun 1,5%

Fgc > 20% considérase inaceptable e ten desconto da certificación mensual dun 3%.

6.4 CONTROL DO GRADO DE EFICACIA. FACTOR DE EFICACIA

6.4.1 FACTOR DE SUMINISTRO E REPARACIÓN Fsr

Indica a eficacia na atención das solicitudes de instalación ou reparación de contedores, papeleiras ou calquera elemento do servizo e calcularase como porcentaxe das solicitudes non resoltas nun prazo de 24 h desde a comunicación por parte dos servizos municipais. O resultado aplicarase como % de desconto sobre a certificación mensual có límite máximo do 15%.

$$F_{sr} = (N_{nr}/N) \cdot 100$$

F_{sr}- factor de subministro de reparación

N_{nr}- nº de solicitudes non resoltas en 24 h

N-nº de solicitudes totais

6.4.2 FACTOR DE LAVADO MECÁNICO (F_{lm})

Indica a eficacia do servizo de lavado mecánico de contedores. Calcúlase como porcentaxe dos contedores non lavados ou lavados deficientemente sobre o total programado. Cando os contedores non se colocan adecuadamente no seu lugar tras o lavado, compútanse como lavados deficientemente.

$$F_{lm} = (N_{ld}/N) \cdot 100$$

F_{lm} = factor de lavado mecánico

N_{ld} = Nº de contedores que non foron lavados ou lavados deficientemente

N = Nº de contedores programados para lavar

6.4.3 FACTOR EFICACIA NA RECOLLIDA DE RESIDUOS URBANOS

Indica a cantidade de incidencias que teñen lugar no servizo de recollida de residuos urbanos. Calcúlase a partir do índice de incidencias e faise inmediatamente antes do paso do servizo de recollida e inmediatamente despois de pasar o equipo.

Selecciónase unha ruta aleatoriamente e obsérvase as incidencias detectadas en 3 puntos consecutivos de recollida. Inspecciónase polo menos 40 rutas.

Aplícase a seguinte fórmula:

$$I_{in} = \sum n_i \cdot p_i / N$$

I_{in} – índice de incidencias

n_i – número de incidencias de cada categoría

p_i – porcentaxe específico de cada incidencia dentro del total segundo a seguinte táboa:

Para o cálculo do índice de eficacia le aplícase a seguinte fórmula

$$le = 100/lin$$

le – índice de eficacia

lin – índice de incidencias

Se o valor de le é maior de 15 estímase que é correcto e non procede facer ningún desconto.

Se le é menor ou igual que 15 e maior ou igual que 10 estímase que é regular e descontarase da certificación un 5%..

Se le é menor de 10 considérase incorrecto e aplicarase un desconto do 10% da certificación mensual por este concepto.

6.4.4 FACTOR DE ENSUCIAMENTO POR PAPELERAS REBOSANTES, GRAFITIS PINTADAS, MANCHAS PAVIMENTO, CAÍDA FOLLA

Mide o nivel de sucidade existente nun tramo de rúa ou praza despois do paso dun equipo de limpeza.

LOTE 2

Analizaranse os seguintes aspectos do servizo:

6.5. CONTROL CUANTITATIVO

Determina a presenza efectiva dos medios humanos e materiais de cada servizo prestado mediante a comprobación da presenza dos recursos humanos e materiais ao inicio e fin de cada quenda de traballo, así como durante a execución dos servizos prestados e a verificación dos medios materiais a través dos sistemas GPS e sistemas embarcados dos vehículos empregados.

A non disposición dos efectivos humanos e/ou materiais terá unha repercusión económica na certificación mensual cuantificada nun desconto baseado nos prezos unitarios presentados na oferta dos medios non presentes nos controis.

Estes descontos cuantifícanse do seguinte xeito:

A ausencia dun medio material ou humano na quenda de traballo previsto dará lugar ao desconto do seu custe unitario multiplicado por 1,1.

O incumprimento do horario do quenda dun medio material ou humano ao principio ou final do mesmo dará lugar ao desconto do 30% do seu custe unitario sempre que a redución do tempo efectivo de traballo previsto sexa inferior ao 25%. Se a redución fose maior do 25% e menor do o desconto sería do 50%.

6.6. CONTROL CUALITATIVO (factor de calidade)

Mide o nivel de mantemento e aspecto dos vehículos e maquinaria así como a uniformidade e número adecuado de operarios de cada un dos servizos prestados (limpeza viaria, recollida e limpeza de contedores, recollidas especias, etc.)

O valor do Factor de calidade dará lugar a un desconto no importe da certificación mensual có límite máximo do 5% da certificación para o 100% das incidencias.

Calcúlase tendo en conta as seguintes deficiencias observadas en polo menos 20 controis mensuais realizados aleatoriamente.

- Equipos sen a dotación adecuada, xa sexa na composición dos operarios coma na ausencia do vehículo programado (F1).
- Uniformidade non regulamentaria e/ou deficientes condicións de aseo ou decoro (F2).
- Vehículos e/ou maquinaria con aspecto inadecuado, sen imaxe corporativa, elementos rotos, abolladuras, etc. (F3).
- Vehículo non estanco, deixa residuos líquidos ou sólidos sobre a calzada (F4).
- Vehículo con deficiencia na sinalización, luces de emerxencia, aviso marcha atrás etc. (F5).
- Vehículo con ruído excesivo ao normal funcionamento dos motores (F6).
- Vehículo con alta emisión de fumes (F6).
- Vehículo con perda de aceites deixando rastro ao seu paso (F6).

A fórmula para o cálculo do Factor cualitativo Fc será:

$$F_c = (0,1 \cdot \sum F_1 + 0,1 \cdot \sum F_2 + 0,2 \cdot \sum F_3 + 0,25 \cdot \sum F_4 + 0,15 \cdot \sum F_5 + 0,2 \cdot \sum F_6) / N^\circ \text{ controis}$$

$\sum F_i$ é o número de incidencias mensuais para cada un dos subíndices

Fc obterase en % aplicando o desconto directamente sobre o total da certificación mensual. O desconto máximo a aplicar por este concepto é do 5% que se corresponde có 100% de incidencias.

6.6.1. CONTROL DO GRADO DE CUMPRIMENTO DOS EQUIPOS

O factor de grado de cumprimento Fgc Determina a porcentaxe de equipos que completan a ruta que teñen planificada

Para o seu cálculo empregárase a información obtida dos sistemas GPS instalados nos vehículos e maquinaria. Avaliarase todas as rutas planificadas xa sexan de recollida, limpeza etc.

A fórmula aplicada será a seguinte: n

$$F_{gc} = N^\circ \text{ rutas incompletas} \cdot 100 / N^\circ \text{ total de rutas}$$

En función do valor deste factor, aplicarase un desconto na certificación mensual seguindo os seguintes criterios:

Fgc \leq 5% considérase satisfactorio e ten desconto da certificación mensual dun Fgc >5% e \leq 10% considérase insatisfactorio e ten desconto da certificación mensual dun 0,75%

Fgc >10% e \leq 20% considérase deficiente e ten desconto da certificación mensual dun 1,5%

Fgc >20% considérase inaceptable e ten desconto da certificación mensual dun 3%.

6.6.2 FACTOR EFICACIA NA RECOLLIDA DE RESIDUOS DE PAPEL-CARTON

Indica a cantidade de incidencias que teñen lugar no servizo de recollida de residuos papel-cartón. Calcúlase a partir do índice de incidencias e faise inmediatamente antes do paso do servizo de recollida e inmediatamente despois de pasar o equipo.

Selecciónase unha ruta aleatoriamente e obsérvase as incidencias detectadas en 3 puntos consecutivos de recollida. Inspecciónase polo menos 15 rutas/mes

Aplícase a seguinte fórmula:

$$I_{in} = \sum n_i \cdot p_i / N$$

I_{in} – índice de incidencias

n_i – número de incidencias de cada categoría

p_i – porcentaxe específico de cada incidencia dentro del total segundo a seguinte táboa:

Para o cálculo do índice de eficacia le aplícase a seguinte fórmula

$$le = 100/lin$$

le – índice de eficacia

lin – índice de incidencias

Se o valor de le é maior de 15 estímase que é correcto e non procede facer ningún desconto.

Se le é menor ou igual que 15 e maior ou igual que 10 estímase que é regular e descontarase da certificación un 5%.

Se le é menor de 10 considérase incorrecto e aplicarase un desconto do 10% da certificación mensual por este concepto.

7. CRITERIOS DE VALORACIÓN

I CRITERIOS BASADOS NUN XUÍZO DE VALOR (MÁXIMO 45 PUNTOS)

O informe de valoración analizará detalladamente cada un dos elementos e valorará asignando de forma motivada algunha das seguintes cualificacións:

- “MOI BEN-EXCELENTE” (“MBE”): cando realice unha proposta completa e detallada do aspecto en cuestión e propoña medidas de actuación adecuadas, precisas, axustadas á realidade, viables, coherentes, xustificadas, ben definidas e no seu caso anovadoras.
- “BEN-ACEPTABLE” (“BA”): cando a proposta sobre o elemento a valorar sexa adecuada, pero non propoña medidas de actuacións precisas e/o anovadoras.
- “REGULAR-SUFICIENTE” (“RS”): cando sexa unha proposta pouco detallada ou superficial da prestación, teórica e non achegada á realidade, ou no se fagan achegas de actuacións concretas.
- “INSUFICIENTE” (“I”): cando a proposta sexa incompleta ou no teña información ou documentación suficiente relacionada co elemento a valorar, ou conteña datos contraditorios, ou no se adapte ás necesidades do servizo, ou os medios a empregar non se axusten ás características de cada servizo ou presenten pouca coherencia ou non permitan coñecer claramente a solución ou, incluso, sexa inexistente.

Así, en función da valoración e cualificación, a puntuación para cada apartado puntuarase acorde ao seguinte:

- __MOI BEN-EXCELENTE (MBE): entre 75-100% da puntuación
- __BEN-ACEPTABLE (BA): entre o 50-75% da puntuación
- __REGULAR-SUFICIENTE (RS): entre o 25-50% da puntuación
- __INSUFICIENTE (I): entre o 0-25% da puntuación

As propostas que non acaden un mínimo de 25 dos 45 posibles quedarán excluídas da licitación.

LOTE 1

Os apartados que serán obxecto de valoración no lote 1 son os que seguen:

1.METODOLOXÍA OPERATIVA DO SERVIZO (22 PTOS): inclúe a descrición dos distintos servizos así como a organización na súa prestación.

1.1 CALIDADE E NIVEL DE DETALLE NA DESCRIPCIÓN, ORGANIZACIÓN E XUSTIFICACIÓN TÉCNICA DOS DISTINTOS SERVIZOS (15 ptos):

1.1.1 COMPOSTAXE e RECOLLIDA (8 ptos):

a. Illas de compostaxe comunitaria (2,5 puntos)

Proposta detallada da localización xeográfica sobre mapa (formato XIS) e dimensión (3m3 / 6m3 / 10m3) de cada illa de compostaxe, poboación cuberta e xustificación sobre mapa, porcentaxe de participación cidadá e xustificación da cantidade de materia orgánica captada. Metodoloxía de xestión e operación das illas de compostaxe, traballos necesarios para garantir o perfecto estado de funcionamento, coa frecuencia de revisión e as variables a medir, así como as actuacións para previr e resolver os tipos de incidencias máis frecuentes (cheiros, falta de temperatura...).

Un mínimo do 90% das illas ou zonas de compostaxe comunitaria deberán alcanzar a cualificación de tipo 1 ou tipo 2, acorde ao “anexo XXIV – guía de compostaxe comunitario”, sección “13 Propuesta de clasificación de zonas de compostaxe comunitario”.

b. Compostaxe doméstica (1 puntos)

Proposta de áreas xeográficas, parroquias e/ou barrios onde se empregaría a compostaxe doméstica de forma principal ou única para tratar a materia orgánica, o número de vivendas participantes, número de composteiros e xustificación da materia captada. Metodoloxía de xestión e visitas para garantir o correcto desenvolvemento e acompañamento ás vivendas e persoas participantes. Variables a medir e sistema para xestionar e avaliar a execución e a resolución de incidencias.

c. Recollida da fracción orgánica (2 punto)

Proposta de áreas xeográficas, parroquias e/ou barrios onde se implante a recollida de orgánica con quinto contedor, tanto domiciliaria como a grandes produtores.

Xustificación de poboación cuberta sobre mapa (formato XIS), porcentaxe de participación e estimación de materia captada. Número e tipoloxía de contedores, deseño de rutas sobre mapa en formato XIS, estimación de número de kms totais recorridos cada ano, equipamento e frecuencia de recollida, así como persoal asignado.

d. Recollida da fracción envases lixeiros (1 punto)

Propostas diferenciadas para recollida domiciliaria e porta a porta comercial no casco histórico, co número e tipoloxía de contedores, deseño de rutas sobre mapa en formato XIS, estimación de número de kms totais recorridos cada ano, equipamento e frecuencia de recollida, así como persoal asignado. Estimación de toneladas de envases lixeiros

captadas anualmente e seu % de impropios, co cálculo asociado de ingresos totais resultantes para a empresa adxudicataria acorde ao convenio existente con ECOEMBES.

e. Recollida da fracción resto (1,5 puntos)

Propostas diferenciadas para recollida domiciliaria e porta a porta comercial no casco histórico, co número e tipoloxía de contedores, deseño de rutas sobre mapa en formato XIS, estimación de número de kms totais recorridos cada ano, equipamento e frecuencia de recollida, así como persoal asignado. Estimación de toneladas de materia captada anualmente e cálculo asociado co custo para o Concello de Santiago acorde ás tarifas de SOGAMA.

1.1.2 LIMPEZA VIARIA (7 ptos)

a. Limpeza ordinaria manual (2,5 puntos)

Proposta de varrido manual, brigada e repaso, baldeo manual e fregado. Incluirá quendas e sectores de traballo, frecuencias, tratamentos aplicados, así como os medios técnicos e humanos empregados para a correcta prestación do servizo, coa descrición pormenorizada das súas características e rendementos máximos alcanzables.

Será de especial relevancia a proposta de rendemento óptimo ou máximo, por equipo de traballo e xornada en función da mecanización ou anovación proposta, a súa experiencia previa e a tipoloxía das zonas onde se aplicará os tratamentos. A xustificación dos rendementos será detallada e precisa, sobre base de datos comprobables e contrastables doutras cidades do Estado e que teñan sido publicadas.

b. Limpeza ordinaria mecánica (2 puntos)

Proposta de varrido mecánico e baldeo mecánico de calzadas e beirarrúas. Incluirá quendas e sectores de traballo, frecuencias, tratamentos aplicados, deseño de rutas sobre mapa en formato XIS, estimación de número de kms totais recorridos cada ano, así como os medios técnicos e humanos empregados para a correcta prestación do servizo, coa descrición pormenorizada das súas características e rendementos máximos alcanzables.

Será de especial relevancia a proposta de rendemento óptimo ou máximo, por equipo de traballo e xornada en función da mecanización ou anovación proposta, a súa experiencia previa e a tipoloxía das zonas onde se aplicará os tratamentos. A xustificación dos rendementos será detallada e precisa, sobre base de datos comprobables e contrastables doutras cidades do Estado e que teñan sido publicadas.

c. Limpeza ordinaria mixta (1 punto)

Proposta de varrido mixto e baldeo mixto. Incluirá quendas e sectores de traballo, frecuencias, tratamentos aplicados, deseño de rutas sobre mapa en formato XIS, estimación de número de kms totais recorridos cada ano, así como os medios técnicos e

humanos empregados para a correcta prestación do servizo, coa descrición pormenorizada das súas características e rendementos máximos alcanzables.

Será de especial relevancia a proposta de rendimento óptimo ou máximo, por equipo de traballo e xornada en función da mecanización ou anovación proposta, a súa experiencia previa e a tipoloxía das zonas onde se aplicará os tratamentos. A xustificación dos rendementos será detallada e precisa, sobre base de datos comprobables e contrastables doutras cidades do Estado e que teñan sido publicadas.

d. Servizos complementarios (1,5 puntos)

Proposta de quendas, sectores de traballo, frecuencias, tratamentos aplicados, así como os medios técnicos e humanos empregados para a correcta prestación do servizo en cada un dos catorce servizos identificados como complementarios descritos no “Plan de servizos complementarios” do prego de prescricións técnicas.

1.2 PROMOCIÓN E COORDINACIÓN ESTRATÉXICA DOS DISTINTOS SERVICIOS (7 puntos)

a. Sistemas de control e datos accesibles para control da execución do contrato (2 puntos)

Definirá de forma precisa os sistemas dixitais ou analóxicos que utilizará de forma interna para a xestión do servizo, así como os conxuntos de datos postos a disposición dos servizos técnico do Concello e a empresa externa que poida ser contratada para levar a cabo o control de calidade, especificando o formato dos datos e os sistemas de aceso.

b. Campañas de información e sensibilización (3 puntos)

Presentarase un borrador do plan de comunicación e concienciación a levar a cabo durante os dous primeiros anos de contrato, polo custo referido no PPT na sección “campañas de concienciación”, detallando en particular e de forma principal as accións a levar a cabo para garantir unha correcta e elevada participación da cidadanía no novo modelo de tratamento descentralizado e recollida da fracción orgánica ou biorresiduos.

c. Atención a persoas e empresas usuarios do servizo (1 punto)

Detalle dos canles de atención para recepción de incidencias e resposta de dúbidas, así como os horarios e o nivel calidade do servizo de atención.

d. Implantación e verificación de xestión ambiental EMAS (1 punto)

Proposta, orzamento asignado e descrición de tarefas para a implantación do sistema de xestión ambiental EMAS, para garantir o cumprimento do regulamento CE 1221/2009, relativo á participación voluntaria de organización nun sistema comunitario de xestión e auditoría ambiental. Deberá incluírse a verificación ou certificación por un terceiro autorizado a partir do terceiro ano e ata o final do contrato.

2. MEDIOS MATERIAIS (18 PTOS)

2.1 VEHÍCULOS (7 ptos)

a. Dotación e calidade dos vehículos a empregar (3,5 puntos)

Utilizando como referencia para a valoración os vehículos e maquinaria relativos ao lote 1 dos “Anexo XVI - número e características vehículos recollida lote1 lote2” e “Anexo XVII - número e características maquinaria limpeza viaria lote1” para recollida de lixo e limpeza viaria, as empresas licitadoras incluírán unha ficha por cada vehículo asociado ao servizo, indicando:

- Fotografía/s.
- Marca e modelo.
- Dimensións.
- Peso.
- Características de interese para a prestación adscrita.
- Potencia.
- Combustible.
- Consumo teórico (litros/100km).
- Clasificación DGT (0 emisións, ECO, B, C).
- Norma Euro de homologación.

b. Plan de mantemento e limpeza. (2 puntos)

Calidade e intensidade do plan de mantemento e limpeza dos vehículos, que deberá garantir unha adecuada prestación durante todo o contrato.

c. Nivel de emisións anual polas características ambientais dos vehículos propostos (1,5 puntos)

O nivel de emisións anual en toneladas de CO₂/ano para 12 meses de operación completa co novo servizo, será o resultado de multiplicar os litros de combustible (diésel ou gasolina) consumidos (a súa vez, os litros de combustible serán o resultado de quilómetros recorridos polo consumo teórico) polo factor de emisión do combustible utilizado.

Os vehículos 100% eléctricos terán unha consideración de factor de emisión nulo, ou 0 toneladas de CO₂/ano.

Presentarase unha táboa de emisións anuais total co detalle: orgánica 5º contedor, resto ou rexeitamento, envases lixeiros e limpeza viaria.

Non se terán en conta para o cálculo as emisións dos vehículos auxiliares ou os utilizados na operación da compostaxe comunitaria e doméstica,.

2.2 ILLAS DE COMPOSTAXE (4 ptos)

Valorarase o deseño modular, robustez, facilidade de uso e utilización de materiais reciclados, acorde a:

a) Comodidade na montaxe/desmontaxe e ensamblaxe. (1 punto)

Valorarase a facilidade e bo encaixe dos elementos entre as Unidades Modulares de Compostaxe (UMC) e que o ensamblaxe sexa sinxelo e eficiente, así como a robustez e resistencia mecánica da propia UMC.

b) Ergonomía da tapa. (1 punto)

Valorarase cá forma da tapa sexa tal que estando pechada non permita a acumulación de auga da choiva ou calquera outro líquido sobre elas de xeito que non exista posibilidade algunha de escorrentar pola acción da súa apertura.

c) Capacidade de autoventilación. (0,25 puntos)

Valorarase a posibilidade de convección natural facilitando modos de entrada de aires a través da estrutura das paredes da UMC.

d) Material reciclado. (0,75 puntos)

Valorarase positivamente a utilización de material reciclado na fabricación dos compoñentes da unidade modular.

e) Proposta de preparación do terreo onde se instalarán as UMC. (1 punto)

Detalle e prezos unitarios incluíndo como mínimo a escavación para apertura de caixa para illas de 6x4m² ou 8x4m², a pavimentación con celas de formigón ou PVC e céspede, o borde do pavimento con taboleiro de madeira de 8-22 cms de altura, a cimentación dos postes de estrutura dos composteiros, o recheo con grava e grava miúda e capa drenante, e a acometida de auga e billa de auga con pulsador.

2.3 COMPOSTEIROS para compostaxe doméstica (1 pto)

Deseño, robustez, facilidade de uso, características técnicas para garantir un proceso de compostaxe eficiente e porcentaxe de de materias reciclados do composteiro.

2.4 CONTEDORES en superficie (4 ptos)

a. Deseño, homoxeneidade estética e características técnicas (3 puntos).

- Homoxeneización estética. Valorarase a similitude estética existente entre os contedores de carga lateral e guindastre (gancho).

- Estética. Deseño xeral do contedor no referente a formas e volumes.

- Características construtivas. Teranse en conta os aspectos construtivos que inflúan na estabilidade xeométrica y na robustez.

- Impacto Visual. Valorarase as dimensións que inflúan nos aspectos relacionados coa seguridade e as barreiras visuais. Os contedores de menor altura que non sacrifiquen en demasía a capacidade obterán a mellor puntuación

- Seguridade. Valorarase positivamente todas aquelas características do produto que axuden a mellorar a seguridade para o usuario

- Accesibilidade: Valorarase aqueles contedores que polo seu deseño e dimensións sexan considerados accesibles sen necesidade de instalación de elementos auxiliares como pedais ou pancas.

- Capacidade lixiviados e estanqueidade: Nos contedores de recollida selectiva valorarase positivamente a capacidade de retención de lixiviados, así como a estanqueidade nos contedores de carga lateral.

- Mantemento/Accesorios: Darase preferencia a aqueles contedores de maior simplicidade e menor necesidade de mantemento de mecanismos e elementos.

b. Plan de limpeza e mantemento de contedores (1 punto)

- Proposta detallada do plan de limpeza preventivo de contedores acorde a súa tipoloxía, incluíndo os medios técnicos e humanos asignados, as frecuencias de limpeza acorde a cada tipoloxía e os tipos de tratamento. (0,75 puntos)

- Plan de mantemento preventivo e correctivo, co detalle dos medios técnicos e humanos asignados, o prezo unitario das principais pezas de reposto e a estimación de utilización das mesmas durante os anos do contrato (0,25 puntos)

2.5 ILLAS SOTERRADAS (2 puntos)

a. Plan de mantemento (1,5 puntos)

Plan de mantemento preventivo e correctivo, co detalle dos medios técnicos e humanos asignados, o prezo unitario das principais pezas de reposto e a estimación de utilización das mesmas durante os anos do contrato.

b. Plan de limpeza e control (0,5 puntos)

Proposta detallada do plan de limpeza preventivo de illas soterradas, incluíndo os medios técnicos e humanos asignados, as frecuencias de limpeza e os tipos de tratamento.

3. MEDIOS HUMANOS (5 PTOS)

a. Adecuación do cadro de persoal aos servizos a executar (4 puntos)

Descrición da adecuación da cadro de persoal aos servizos (número de postos, etc.). Especificarase a dedicación, a categoría laboral do persoal proposto, indicando os postos de traballo totais no cómputo anual do servizo. Especificarase tamén o persoal que traballe por quendas, así como os que desempeñen o seu traballo en xornada de días laborais, sábados, domingos e/ou festivos. Ademais do cadro de persoal xeral, valorarase o número de postos adicados á cobertura dos servizos especiais e eventos na vía pública, así como o relativo ao **servizo especial de ampliación do servizo de limpeza viaria durante un mínimo de 6 meses durante o ano Xacobeo (2021)**.

En particular, describirase de forma detallada o número de persoas adicadas aos novos servizos de compostaxe comunitaria e domiciliaria, indicando o número de novas contratación e/ou número de persoas traballadoras do actual servizo que puideran ser asignadas. O número total será tal para garantir que un mínimo do 90% das illas ou zonas de compostaxe comunitaria propostas alcancen a cualificación de tipo 1 ou tipo 2 , acorde ao “anexo XXIV – guía de compostaxe comunitario”, sección “13 Propuesta de clasificación de zonas de compostaje comunitario”.

b. Organización e dedicación do persoal de mando (0,5 puntos)

Nivel de detalle da organización e funcionamento do persoal de mando (dirección encargados, inspección etc.) e calidade e intensidade do servizo prestado aos servizos municipais para atender a incidencias, tanto a diario como fines de semana e festivos.

c. Plan de formación. (0,5 puntos)

Calidade e intensidade da proposta de formación das persoas traballadoras na vixencia do contrato, de forma especial no relativo a aquelas persoas que puideran ser asignadas de forma total ou parcial para xestionar e operar as illas de compostaxe comunitaria.

LOTE 2

Os apartados que serán obxecto de valoración no lote 2 son os que seguen:

1. METODOLOXÍA OPERATIVA DO SERVIZO (18 PTOS): inclúe a descrición dos distintos servizos así como a organización na súa prestación.

1.1. CALIDADE E NIVEL DE DETALLE NA DESCRIPCIÓN, ORGANIZACIÓN E XUSTIFICACIÓN TÉCNICA DOS DISTINTOS SERVIZOS (15 puntos):

1.1.1 Recollida da fracción papel-cartón domiciliaria (8 puntos)

Propostas de recollida domiciliaria, co número, situación en formato XIS e tipoloxía de contedores, deseño de rutas sobre mapa en formato XIS, estimación de número de kms totais recorridos cada ano, equipamento e frecuencia de recollida, así como persoal asignado. Estimación de toneladas de papel-cartón captadas anualmente, co cálculo asociado de ingresos totais resultantes para a empresa adxudicataria acorde ao convenio existente con ECOEMBES.

Será de especial relevancia o plan de servizos especiais, de reforzo ou intensivos, en particular en torno a datas de especial relevancia (Reis, Nadal, ...)

1.1.2 Recollida da fracción papel-cartón porta a porta comercial (7 puntos)

Propostas de recollida porta a porta comercial no Casco Histórico e no Ensanche, co deseño de rutas sobre mapa en formato XIS, estimación de número de kms totais recorridos cada ano, equipamento e frecuencia de recollida, así como persoal asignado. Estimación de toneladas de papel-cartón captadas anualmente, co cálculo asociado de ingresos totais resultantes para a empresa adxudicataria acorde ao convenio existente con ECOEMBES.

Será de especial relevancia o plan de servizos especiais, de reforzo ou intensivos, en particular en torno a datas de especial relevancia (Reis, Nadal, ...)

Valorarase de forma especial na proposta a inclusión dunha campaña de concienciación e información porta a porta aos establecementos comerciais, con frecuencia anual ou bianual, sobre como, cando e onde deben depositar o papel-cartón na rúa, para incrementar a súa adecuada participación no sistema de recollida. A citada campaña, en caso de ser incluída, deberá detallar o persoal e a súa capacitación técnica, as mensaxes e materiais a utilizar nas visitas, o número de establecementos a realizar por campaña, e a metodoloxía para medir os resultados de cada campaña.

1.2. PROMOCIÓN E COORDINACIÓN ESTRATÉXICA DO SERVIZO (3 puntos)

1.2.1 Sistemas de control e datos accesibles para control da execución do contrato (2 puntos)

Definirá de forma precisa os sistemas dixitais ou analóxicos que utilizará de forma interna para a xestión do servizo, así como os conxuntos de datos postos a disposición dos servizos técnico do Concello e a empresa externa que poida ser contratada para levar a cabo o control de calidade, especificando o formato dos datos e os sistemas de acceso.

1.2.2 Implantación e da verificación de xestión ambiental EMAS (1 punto)

Proposta, orzamento asignado e descrición de tarefas para a implantación do sistema de xestión ambiental EMAS, para garantir o cumprimento do regulamento CE 1221/2009, relativo á participación voluntaria de organización nun sistema comunitario de xestión e auditoría ambiental. Deberá incluírse a verificación ou certificación por un terceiro autorizado a partir do terceiro ano e ata o final do contrato.

2. MEDIOS MATERIAIS (12 puntos)

2.1 VEHÍCULOS (12 puntos)

a. Dotación e calidade dos vehículos a empregar (8 puntos)

Utilizando como referencia para a valoración os vehículos e maquinaria relativas ao lote 2 do “Anexo XVI - número e características vehículos recollida lote1 lote2” para recollida de papel-cartón, as empresas licitadoras incluírán unha ficha por cada vehículo asociado ao servizo, indicando:

- Fotografía/s.
- Marca e modelo.
- Dimensións.
- Peso.
- Características de interese para a prestación adscrita.
- Potencia.
- Combustible.
- Consumo teórico (litros/100km).
- Clasificación DGT (0 emisións, ECO, B, C).
- Norma Euro de homologación.

b. Plan de mantemento e limpeza (2 puntos)

Calidade e intensidade do plan de mantemento e limpeza dos vehículos, que deberá garantir unha adecuada prestación durante todo o contrato.

c. Nivel de emisións anual polas características ambientais dos vehículos propostos (2 puntos)

O nivel de emisións anual en toneladas de CO₂/ano para 12 meses de operación completa co novo servizo, será o resultado de multiplicar os litros de combustible (diésel ou gasolina) consumidos (a súa vez, os litros de combustible serán o resultado de quilómetros recorridos polo consumo teórico) polo factor de emisión do combustible utilizado.

Os vehículos 100% eléctricos terán unha consideración de factor de emisión nulo, ou 0 toneladas de CO₂/ano.

Presentarase unha táboa de emisións anuais total co detalle: recollida papel-cartón domiciliaria e recollida papel-cartón porta a porta comercial.

Non se terán en conta para o cálculo as emisións dos vehículos auxiliares, de mando ou organización.

3. MEDIOS HUMANOS (15 puntos)

a. Adecuación do cadro de persoal aos servizos a executar. (9 puntos)

Descrición da adecuación da cadro de persoal aos servizos (número de postos, etc.). Especificarase a dedicación, a categoría laboral do persoal proposto, indicando os postos de traballo totais no cómputo anual do servizo. Especificarase tamén o persoal que traballe por quendas, así como os que desempeñen o seu traballo en xornada de días laborais, sábados, domingos e/ou festivos.

b. Organización e dedicación do persoal de mando (3 puntos)

Nivel de detalle da organización e funcionamento do persoal de mando (dirección encargados, inspección etc.) e calidade e intensidade do servizo prestado aos servizos municipais para atender a incidencias, tanto a diario como fines de semana e festivos.

c. Plan de formación. (3 puntos)

Calidade e intensidade da proposta de formación das persoas traballadoras na vixencia do contrato, de forma especial no relativo a aquelas persoas que puideran ser asignadas para xestionar a recollida comercial porta a porta.

II CRITERIOS DE ADXUDICACIÓN BASADOS EN NA APLICACIÓN DUNHA FÓRMULA OU QUE NON REQUIRAN XUÍZOS DE VALOR (MÁXIMO 55 PUNTOS)

LOTE 1

1. VALORACIÓN DA OFERTA ECONÓMICA (15 puntos)

Só se valorará as ofertas que superen o limiar técnico establecido (25 pts)

Outorgarase a puntuación máxima de 15 puntos á oferta máis barata. As puntuacións obteranse por aplicación da seguinte fórmula:

$$P_i = P_{\max} \times B_i \times K$$

Onde:

- P_i puntuación que outorga a fórmula á oferta i .
- P_{\max} puntuación máxima establecida no prego para criterio prezo.
- B_i baixa da oferta i ((Prezo máximo de licitación–Prezo ofertado (P_i)) / Prezo máximo de licitación).
- B_{\max} baixa maior de entre todas as ofertas.
- K Valor igual a **10**.

Si a B_{\max} ofertada resulta igual ou inferior á inversa do valor de K .

Si a B_{\max} es superior, K será igual a $1/B_{\max}$.

2. MELLORAS (40 PTOS)

a. Instalación e utilización dun sistema de aproveitamento da enerxía fotovoltaica para o abastecemento autónomo da nave de servizos e carga dos vehículos eléctricos (4 puntos).

- ≥ 10 kW de potencia instalada - 1 punto
- ≥ 20 kW de potencia instalada - 2 puntos
- ≥ 30 kW de potencia instalada - 3 puntos
- ≥ 40 kW de potencia instalada - 4 puntos

b. Incremento da poboación e capacidade de tratamento de materia orgánica a través de compostaxe comunitaria (11 puntos)

Co obxectivo de incrementar a cobertura da poboación de dereito e a capacidade de tratamento de materia orgánica a través de compostaxe comunitaria, valorarase a

ampliación do proxecto de compostaxe comunitaria referido no “Anexo XXI - planos situación contedores.zip”, cartafol “illas_compostaxe”.

A mellora implicará o número de persoas e recursos materiais extra para garantir que un mínimo do 90% das illas ou zonas de compostaxe comunitaria totais (proposta + mellora) alcancen a cualificación de tipo 1 ou tipo 2 , acorde ao “anexo XXIV – guía de compostaxe comunitario”, sección “13 Propuesta de clasificación de zonas de compostaxe comunitario”.

Para facilitar o cálculo desta mellora, outorgaranse ata 11 puntos a partir dun mínimo de 1.458 UMCs e ata un límite de 1.942 UMCs seguindo unha función lineal.

1.458 UMCs – 0 puntos

1.942 UMCs – 11 puntos

c. Número de camións recolectores de carga lateral con capacidade de carga total superior a 20 toneladas 100% eléctricos (11 puntos)

1 camión >20 tons 100% eléctrico - 6 puntos

2 camións >20 tons 100% eléctrico – 11 puntos

d. Tropa Verde ou equivalente (2 puntos)

Adquisición de posta en marcha, soporte e utilización dunha solución de concienciación ambiental e ‘gamificación’ con funcionalidades equivalentes ou superiores a “Tropa Verde”, conservando persoas usuarias e comercios rexistrados actualmente.

Custos básicos, soporte e actividades de concienciación por valor de 9.000€/ano durante a duración do contrato – 1 punto

Custos básicos, soporte e actividades de concienciación por favor de 18.000€/ano durante a duración do contrato – 2 puntos

Deberá entregarse o documento de aceptación (condicionada ao resultado do contrato) da oferta do provedor polo valor anual indicado, cun borrador de actuacións para o primeiro ano. O orzamento de actividades de concienciación ligadas a Tropa Verde será independente do de “concienciación” especificado no PPTP.

e. Mellora da recollida de residuos procedentes de poda (2 puntos)

O licitador poderá propoñer un servizo de recollida de restos de poda e xardinería xerados en parcelas privadas do municipio.

O Concello facilitará ata 4 parcelas dunha superficie aproximada de 30-60m², a acondicionar pola empresa adxudicataria con peche de madeira, sistema de drenaxe, letreiros con horarios e indicación de uso, etc. A empresa adxudicataria determinará o horario e as quendas de recollida durante os meses do ano susceptibles de recibir restos, podendo utilizar a biomasa recollida como material estruturante nos procesos de compostaxe.

- 1 parcela - 0,5 puntos
- 2 parcelas - 1 punto
- 3 parcelas – 1,5 puntos
- 4 parcelas - 2 puntos

f. Número de varredoras de vías e/ou lava-beirarrúas 100% eléctricas (4 puntos)

Ata 4 puntos, 1 punto por cada vehículo 100% eléctrico, sempre que alcancen ou superen o 80% das seguintes capacidades e características mínimas:

- A varredora eléctrica compacta: tolva de residuos de 2m³, autonomía de auga de 400 litros, e autonomía de traballo de 7 horas.
- O vehículo de lavado de beirarrúas eléctrico: tanque de auga para limpeza con capacidade 2.500 litros, bomba mínimo 80 bar, ancho mínimo de baldeo de 2.4m, e autonomía de traballo de 7 horas.

- 1 varredora ou vehículo de lavado de beirarrúas 100% eléctrico – 1 punto
- 2 varredoras ou vehículos de lavado de beirarrúas 100% eléctricos – 2 puntos
- 3 varredoras ou vehículos de lavado de beirarrúas 100% eléctricos – 3 puntos
- 4 varredoras ou vehículos de lavado de beirarrúas 100% eléctricos – 4 puntos

As 2 varredoras eléctricas xa incluídas no prego técnico para o casco monumental son obrigatorias, polo cal non son computables nesta mellora.

g. Dotación de fondo para substitución completa ou parcial de illas soterradas pola imposibilidade de reparación ou adecuación á normativa (7 puntos)

- 80.000€ - 2 puntos
- 160.000€ - 4 puntos
- 240.000€ - 6 puntos
- 320.000€ – 7 puntos

- h. Dotación de fondo para a substitución da electrónica de comunicacións das illas soterradas que o requiran.
- 50.000€ - 1 punto

LOTE 2

1. VALORACIÓN DA OFERTA ECONÓMICA (25 puntos)

Só se valorará as ofertas que superen o limiar técnico establecido (25 pts)

Outorgarase a puntuación máxima de 15 puntos á oferta máis barata. As puntuacións obteranse por aplicación da seguinte fórmula:

$$P_i = P_{\max} \times B_i \times K$$

Onde:

- P_i puntuación que outorga a fórmula á oferta i .
- P_{\max} puntuación máxima establecida no prego para criterio prezo.
- B_i baixa da oferta i ((Prezo máximo de licitación–Prezo ofertado (P_i)) / Prezo máximo de licitación).
- B_{\max} baixa maior de entre todas as ofertas.
- K Valor igual a **10**.

Si a B_{\max} ofertada resulta igual ou inferior á inversa do valor de K .
Si a B_{\max} es superior, K será igual a $1/B_{\max}$.

2. MELLORAS (30 PTOS)

- a. Incremento anual das toneladas de papel-cartón recollidas en contedor azul (15 puntos)

A empresa licitadora ofertará un incremento anual das toneladas recollidas no contedor azul sobre a base mínima de 2.182 toneladas/ano, especificando as toneladas que recollerá anualmente e en total durante a prestación do servizo.

A fórmula de valoración será a seguinte:

$$V_i = (P_i / P_o) \times 15$$

Sendo:

Vi = Valoración en puntos da oferta que se avalía.

Pi = Kg recollidos nos 5 anos da oferta que se avalía.

Po = Kg recollidos nos 5 anos na oferta máis alta.

b. Incremento anual das toneladas de papel-cartón recollidas no sistema de porta a porta comercial (10 puntos)

A empresa licitadora ofertará un incremento anual das toneladas recollidas na porta a porta comercial sobre a base mínima de 307 toneladas/ano, especificando as toneladas que recollerá anualmente e en total durante a prestación do servizo.

A fórmula de valoración será a seguinte:

$$Vi = (Pi /Po) \times 10$$

Sendo:

Vi = Valoración en puntos da oferta que se avalía.

Pi = Kg recollidos nos 5 anos da oferta que se avalía.

Po = Kg recollidos nos 5 anos na oferta máis alta.

A fórmula de puntuación será a seguinte:

c. Investimento na campaña/s porta a porta de información e concienciación nos locais das zonas de recollida porta a porta comercial, ata un máximo puntuable de 25.000€/ano (5 puntos)

0€ total en 5 anos - 0 puntos

125.000€ total en 5 anos - 5 puntos

E de forma proporcional utilizando unha función lineal a calquera oferta entre os valores.